Cuarto. En principio, y de conformidad con lo expuesto, parece que lejos de establecer la regulación autonómica los condicionamientos de la Ley estatal, amplía el derecho de preferencia a todos los supuestos salvo el expresado, suponiendo una clara extralimitación con relación a la Ley estatal. El propio texto de la Exposición de Motivos transcrito, expresa que "la práctica totalidad" de las concesiones a las que se refiere, participan "en mayor o menos grado" de las características recogidas en el citado art. 89, dando a entender, que al menos no todas las concesiones participan de tales características.

Quinto. Hecha la anterior consideración debe indicarse que no debe ofrecer duda que el derecho a la libertad de empresa, proclamado en el art. 38 de la Constitución, se ve limitado por el derecho de preferencia que analizamos, al igual que se limitan los derechos a la libre contratación y concurrencia. Es claro que

la concesión de un derecho de preferencia para el transporte que nos ocupa, limita la libre participación de otras empresas.

Sexto. Tampoco debe ofrecer discusión que la regulación del derecho a la libertad de empresa debe hacer por Ley, pues así lo establece el art. 53 de la Constitución. El derecho a ejercer libremente una actividad empresarial, no excluye que el ejercicio concreto de tal actividad resulte disciplinado por normas de muy distinto carácter. Son muchas las actividades empresariales sometidas o condicionadas al cumplimiento de requisitos administrativos fijados por Reglamentos e incluso por Ordenanzas. Sirva a título de ejemplo la incidencia de las Ordenanzas Urbanísticas Municipales o del Reglamento de Actividades Clasificadas en el instalación de las empresas.

Ahora bien, en el caso enjuiciado, la limitación del derecho de libertad de empresa responde a una exclusiva finalidad económica-empresarial, por lo que, de conformidad con el art. 38 en relación con los arts. 53 y 131, todos de la Constitución, parece que debiera exigir una disposición legal.

Séptimo. Decíamos anteriormente que en principio la regulación autonómica del derecho de preferencia parece que supone una extralimitación con relación a la Ley estatal y que ello era constitucionalmente rechazable, mas tal apreciación inicial se difumina si tenemos en cuenta que en realidad el Decreto se limita a interpretar o mejor adecuar los condicionamientos del derecho de preferencia a la realidad gallega, amparado por el principio de flexibilidad previsto en el Exposición de motivos de la propia Ley y por el art. 89 que remite a los reglamentos la determinación de los supuestos en los que procede el derecho de preferencia. Lo que interpreta el Decreto, sin variar "fundamentalmente" los condicionamientos de la Ley, es que salvo las líneas que comuniquen capitales de provincia o ciudades de más de 75.000 habitantes, los demás pueden considerarse como rurales, de débil tráfico o de baja rentabilidad, y ello dadas las circunstancias orográficas y sociológicas de Galicia. Se trata de una adecuación de la Ley estatal a Galicia por vía interpretativa que se desarrolla reglamentariamente, y es parecer de la Sala que no cabe cuestionarla con éxito.

Octavo. Cuestión distinta es si la normativa analizada ampara las resoluciones recurridas, teniendo en cuenta que la solicitud del transporte se realiza para un itinerario que comunica la Rammallosa, Nigrán, Vigo, Vilagarcía, y la empresa XXX, y que la concesión de Castromil comunica Bouzas con Vilagarcía, pa-

sando por Vigo, Redondela, Pontevedra y Nogueira. Y al respecto la Sala resuelve negativamente pues una de las excepciones previstas en el art. 9 del Decreto al derecho de preferencia, concretamente en el apartado 3, párrafo segundo, es que las expediciones de los servicios regulares permanentes de uso general comuniquen dos o más capitales de provincia o cualquiera de estas con la de la Comunidad Autónoma o ciudad de más de 75.000 habitantes, lo que sucede con la línea de Castromil ya referida.

Noveno No apreciándose motivos para hacer una especial condena en costas (artículo 131 de la Ley Jurisdiccional).

Vistos: Los artículos citados y demás disposiciones de general y pertinente aplicación.

Fallo: Estimación del recurso.

7

Sentencia núm.: 5157/94 de data: 21 de marzo de 1996.

Tribunal: Sala do C-A do TSX de Galicia. Sección 2ª.

Ponente D.: Juan Carlos Trillo Alonso.

Materia: urbanismo.

Conceptos básicos: unidades de actuación e de execución.

Comentario: distinción entre unidades de actuación e unidades de execución ó amparo da Lei do solo de 1976.

Esta distinción desaparece coa Lei do solo de 1992 ó preve-la execución mediante unidades de execución.

Lexislación citada:

■ Lei do solo de 1976, art. 117.

■ Regulamento de xestión urbanística, art. 36.3.

Fundamentos de Derecho

Primero. Es objeto de impugnación en el presente recurso la resolución del Pleno del Ayuntamiento de Lugo de 23 de septiembre de 1994, desestimatoria del recurso de reposición deducido contra otra de 25 de febrero del mismo año, sobre aprobación definitiva de la delimitación de la unidad de ejecución de los terrenos comprendidos entre la Ronda del Carmen y Rúa Baixa.

Segundo. Aún cuando se admitiera que en la tramitación del expediente se infringió el art. 38-1-b del Reglamento de Gestión Urbanística por falta de la citación personal del recurrente, ello no supone la nulidad de pleno derecho de las resoluciones recurridas, alegación invocada por el recurrente al amparo del art. 47-1-c de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958 y del art. 62-1-a y c de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Común y desde una perspectiva exclusivamente formal al no expresar que tal falta le originó una merma de sus derechos de defensa.

Tercero. Tampoco puede tener acogida el recurso con apoyo en que el acuerdo del Pleno de 25 de febrero de 1994 es un acto de contenido imposible (art. 47-1-b de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958 y art. 62-1-c de la Ley 30 /1992), debiéndose indicar al respecto que ninguna duda debe ofrecer que la mención a la aprobación de la "Unidad de ejecución delimitada inicialmente" responde a un simple error de redacción, queriéndose expresar que lo que se aprueba es la delimitación de la unidad de ejecución aprobada inicialmente, y que no cabe desde una perspectiva exclusivamente formal invocar que lo aprobado inicialmente fue una unidad de actuación y que lo aprobado definitivamente lo fue una unidad de ejecución.

Con relación a esta última cuestión, razón tiene la parte recurrente al resaltar en el escrito de demanda la necesaria distinción entre unidad de actuación y unidad de ejecución, agrupando ésta última a la ejecución por polígonos, conforme a los términos previstos en el art. 117-1 y 2 del Texto Refundido de la Ley del Suelo de 1976. El apartado 3 del citado art. 117 establece claramente la distinción al expresar que la delimitación de las unidades de actuación es el procedimiento adecuado cuando no es posible la delimitación de un polígono con los requisitos del apartado 2; y en igual sentido se pronuncia el art. 36.3 del Reglamento de Gestión.

Razón igualmente tiene dicha parte cuando expresa que la dualidad entre la delimitación por polígonos y por unidades de actuación desaparece en el nuevo Texto Refundido, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1992, de 25 de junio, al limitar la ejecución del planeamiento a las unidades de ejecución, salvo en el supuesto de actuaciones asistemáticas en suelo urbano o cuando se trate de ejecutar directamente los sistemas generales o alguno de sus elementos (art. 113 del Texto Refundido vigente).

Ahora bien, la distinción entre unidad de actuación y unidad de ejecución, establecida en el Texto Refundido de 1976, desaparecida ya en la Ley 8/1990, de 25 de julio, de Reforma del Régimen Urbanístico y Valoraciones del Suelo, al prever la actuación mediante unidades de ejecución (art. 40) y no mediante unidades de actuación, carece de efectos prácticos, pues una vez delimitada la actuación con los requisitos exigidos en la ley de 1976, era susceptible de producir los mismos efectos urbanísticos que la del polígono. Una cosa es que el apartado 3 del art. 117 de la Ley de 1976 expresara que "al menos" las unidades de actuación permitan la distribución justa entre los propietarios de los beneficios y cargas, y otra muy distinta que la finalidad expresada fuera la única, tesis esta última poco acorde con la utilización en el precepto de la expresión "al menos".

Cuarto. Admitiendo que tanto la unidad de actuación como la ejecución por polígonos, según los términos del Texto Refundido de 1976, o la unidad de ejecución, según el Texto vigente, tienen como única misión específica la de ejecutar el planeamiento –así resulta del art. 117 del Texto Refundido de 1976 y de su ubicación en el Título III de dicho Texto referido a la "Ejecución de los Planes de Ordenación", y de la ubicación de los arts. 143 y siguientes del nuevo texto, reguladores de las unidades de ejecución, en su título IV, referido a la "Ejecución del planeamiento" – importante es destacar que la ejecución del planeamiento ha de entenderse como actuación que implique la realización de obras de urbanización –cesiones y equidistribución en los términos del art. 117 del texto Refundido de 1976– y que queda fuera del concepto estricto de ejecución del Plan de actividad edificatoria. Ello debe entenderse así pese a que el art. 20 del Texto Refundido vigente incluye la actividad edificatoria como de ejecución del planeamiento, pues tal inclusión lo es a los solos efectos de entender cumplidos "los deberes legales para la adquisición gradual de facultades" y así se corrobora por lo dispuesto en el art. 140, que al igual que el art. 117

del Texto de 1976, concreta la actividad de ejecución en las cesiones, equidistribución y realización de urbanización.

Y es importante destacarlo, pues no ofreciendo discusión que la finalidad de la delimitación de la unidad de ejecución es que las parcelas propiedad de los solicitantes, con frente a la proyectada Rúa Baixa, adquieran la condición de solar frente a la Ronda del Carmen, mediante una reparcelación que les permitiera acceder al frente de esta vía, con el objeto de aprovechar la edificabilidad de la parte de sus parcelas que se encuentran dentro del fondo máximo edificable de la misma, (capítulo 1 de la memoria justificativa y solicitud) claro es que no nos encontramos ante una ejecución por unidades de ejecución –antes ejecución por polígonos– o ante una unidad de actuación, que responden a unas necesidades urbanísticas previstas en el planeamiento, sino ante una ejecución o actuación aislada, como expresamente se reconoce en el capítulo II de la memoria justificativa, que según el art. 117-3 del Texto Refundido de 1976 veda la posibilidad de la delimitación de una unidad de actuación y no se corresponde con una unidad de ejecución.

Cuestión distinta es la actuación que ampara el apartado 421 párrafo tercero del Plan General, cuya aplicación al caso enjuiciado parece dudosa, pues la finalidad de las resoluciones recurridas es aumentar las posibilidades edificatorias de las parcelas de los solicitantes de la delimitación y no subsanar la imposible edificación de las mismas por alguna de las causas que tal apartado expresa (linderos configuración etc).

Quinto. No apreciándose motivos para hacer una especial condena en costas (artículo 131 de la Ley Jurisdiccional).

Vistos. Los artículos citados y demás disposiciones de general y pertinente aplicación.

Fallo: Estimatorio del recurso.

Sentencia núm.: 5332/94 de data: 20 de xuño de 1996.

Tribunal: Sala do C-A do TSX de Galicia. Sección 2ª.

Ponente D.: Juan Carlos Trillo Alonso.

Materia: acción administrativa no transporte.

Conceptos básicos: límites nas concesións de liñas.

Comentario: a interpretación que se lle debe dar á prohibición dirixida á empresa de captar viaxeiros entre "Santiago e Lalín, puntos intermedios e viceversa" debe prohibir o transporte de viaxeiros entre os puntos extremos da rota.

Outra interpretación non permitiría preservar o tráfico doutra concesión pre-existente. Non se pode alegar o principio de igualdade cando a interpretación literal veda a proposta.

Fundamentos de Derecho

Primero. Es objeto de impugnación en el presente recurso la resolución de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda de la Xunta de Galicia, de fecha 13 de julio de 1994, desestimatoria del recurso ordinario deducido contra otra de la Dirección General de Transportes, de fecha 3 de diciembre de 1993, por la que se requiere a la recurrente para que deje de captar tráfico entre Santiago y Lalín.

Segundo. La cuestión litigiosa se limita a la interpretación que deba darse a la cláusula de prohibición de tráfico impuesta a la recurrente en la concesión del servicio público regular de transportes de viajeros por carretera entre Lugo y Santiago de Compostela por Monforte de Lemos, con anexos (V-8 -XG), cuyo tenor literal es el siguiente: "Entre Santiago de Compostela y Lalín, puntos intermedios y viceversa".

Entiende la Administración demandada que la prohibición expresada implica no sólo la prohibición de tomar viajeros en un punto intermedio para dejarlos en otro punto intermedio, sino también la de tomar viajeros en un punto intermedio para dejarlos en Lalín o Santiago y viceversa, y la de tomar viajeros en Lalín para dejarlos en Santiago y viceversa.

Por el contrario la recurrente entiende que la prohibición no supone el tomar viajeros en Lalín para dejarlos en Santiago, y

viceversa, significando al respecto que la Jurisprudencia distingue entre las prohibiciones de tráfico que establecen la fórmula “De y Entre las localidades A y B” y las que establecen la fórmula “Entre A y B”, alegando que la primera prohíbe la realización de los tráficos entre A y B y entre los puntos intermedios, y que sin embargo la segunda solamente prohíbe la realización de los tráficos intermedios, pero no entre A y B.

Tercero. Significando en primer término que la Sentencia del Tribunal supremo de 7 de julio de 1967 no resuelve la cuestión planteada en el presente recurso, en cuanto la interpretación que de la cláusula prohibitiva se da en los considerandos segundo y quinto se limita a lo que es de interés para la resolución del caso en dicho recurso debatido –puntos intermedios–; conviene igualmente significar que la interpretación de la referida cláusula ha de tener en cuenta fundamentalmente la finalidad de la prohibición, pues no siendo esta otra que la de preservar el tráfico de otra concesión preexistente, en el caso concreto que nos ocupa la de Castromil, es dicha finalidad la que impide que la Sala pueda compartir la tesis de la recurrente.

Pero es que además la redacción literal de la prohibición veda la interpretación que propone el recurrente, pues de haberse querido permitir el tráfico entre Santiago de Compostela y Lalín, y sólo excluir los puntos intermedios, la redacción adecuada sería la de puntos intermedios entre Santiago de Compostela y Lalín, y no la utilizada tras el epígrafe general de “Prohibiciones de Tráfico”.

Cuarto. Resta por indicar que no es obstáculo a la conclusión dada la invocación de principio de igualdad, elemento interpretativo de segundo orden o en defecto de los expuestos, o la resolución de la Dirección General a la que se refiere el escrito de conclusiones de la recurrente, que tras el auto denegatorio de la suspensión instada, carece, por contradecir los actos recurridos, de explicación lógico-jurídica.

Quinto. No apreciándose motivos para hacer una especial condena en costas (artículo 131 de la Ley Jurisdiccional).

Vistos: Los artículos citados y demás disposiciones de general y pertinente aplicación.

Fallo: Desestimatorio.



CRÓNICA

PARLAMENTARIA

O control parlamentario das finanzas públicas na Comunidade Autónoma de Galicia

Lletrado do Parlamento galego
Profesor de dereito
constitucional da
Universidade de Vigo

Xosé A. Sarmiento Méndez

“Para protexe-lo tesouro da fraude, os fondos públicos deben ser utilizados abertamente ante toda a cidade e deben ser depositadas baixo diversas mans as copias das contas”.

Aristóteles

1. *Introducción*

A función de control parlamentario do Goberno presenta na actualidade aspectos novidosos que modifican a súa concepción tradicional dentro do dereito constitucional. Como sinala Giuseppe de Vergottini a función de control nos parlamentos da fin do século XX evoca ante todo o sometemento do Goberno á superioridade parlamentaria, e unifica o poder de dirección do Parlamento e o poder de verificación do respecto gobernal das directivas parlamentarias¹.

No ámbito da nosa doutrina os profesores Montero e García Morillo definiron o control parlamentario como “a activi-

¹ Tomado do seu traballo *La funzione di controllo nei parlamenti alla fine del secolo*, relatorio presentado ó “Seminario sobre o control parlamentario”, Madrid, 1995.

dade parlamentaria encamiñada, a través dunha multiplicidade de mecanismos diversos, á comprobación da actividade do poder executivo e á verificación da súa actuación ós parámetros establecidos polo Parlamento, susceptible de producir diversas consecuencias entre as que cómpre salienta-la responsabilización política do Goberno². Como observamos, este sector doutrinal disocia o concepto de control e o de responsabilidade, de tal xeito que o exercicio do control parlamentario poderá levar consigo a esixencia dunha responsabilidade política ou non, segundo o tipo de instrumentos utilizados ou as circunstancias políticas que se dean.

Supón un principio xeralmente admitido, o feito de que ó se-lo Parlamento o que aproba e autoriza os ingresos e gastos ten o dereito de comprobar se as súas prescricións foron observadas. Deste xeito, o control parlamentario implica, como subliñaron Le Guern- Message e Tessier³, tres esixencias fundamentais: o poder de información co obxecto de verifica-la pertinencia das opcións gobernamentais e respecto das autorizacións concedidas, a potestade de criticar e a de sancionar co rexeitamento a proposición de que se trate.

Ó carón destas conceptualizacións teóricas do control e da súa transcendencia no ámbito financeiro, atópase a necesaria superación, ó noso xuízo, do principio xeralmente admitido de que a lei orzamentaria, e en xeral tódalas materias que afectan ás finanzas públicas teñen o seu mellor tratamento en sede gobernamental. Como reclamou Cazorla Prieto "é necesario desterra-la trasnoitada idea de que o Goberno é o dono do orzamento, singularmente na súa fase de elaboración e execución"⁴.

Tomando estes puntos dogmáticos de referencia, podemos acometer unha mellor análise das funcións que o bloque de constitucionalidade lle atribúe ó Parlamento de Galicia no que lle atinxe ó control parlamentario das finanzas públicas galegas na actualidade, e sobre todo avalia-la súa transcendencia e posibles liñas de mellora.

2. Distintas manifestacións do control parlamentario

O carácter polivalente que presentan os variados instrumentos parlamentarios levou a que autores como Andrea Manzella destacasen a posibilidade de exercita-la función de control por parte do parlamento a través de mecanismos tradicionalmente alleos a esta función. Deste xeito, véñse admitindo o "contido controlador" de determinadas actividades legislativas ou simplemente informadoras do Parlamento⁵. Seguindo esta orientación

² Tomado das páxinas 35-36 do seu traballo "El control parlamentario", Madrid, 1984.

³ Le Guern, H-Message, H-Tessier, A. "Le controle parlementaire du budget de l'Etat. Le role de l'Assemblée nationale 1983-1987" en *Revue française de finances publiques* núm. 18, 1987.

⁴ Vid. o seu traballo "El procedimiento presupostario: control parlamentario de la ejecución del presupuesto", relatorio presentado no "Seminario sobre dereito parlamentario" realizado en Vitoria-Gasteiz, marzo de 1990.

⁵ Vid. Andrea Manzella, *Il parlamento*, Ed. Il Mulino, Bolonia, 1977, Páxs. 355 e ss.

doutrinal desglosarémolas distintas funcións parlamentarias, que dun xeito ou doutro supoñen un control por parte da Cámara dos fondos públicos.

a. A función orzamentaria do Parlamento

O Estatuto de autonomía para Galicia, no seu artigo 10, apdo. 1º, letra b), atribúelle ó Parlamento de Galicia a función de aproba-los orzamentos, o que é plenamente coherente co réxime parlamentario que dimana do esquema institucional do artigo 152 da Constitución española. Dende a perspectiva xurídica esta é a primeira posibilidade que ten a Cámara de condicionar e, polo tanto, de controla-la actividade financeira do executivo⁶.

A elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma atopa a súa norma reguladora na Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia⁷. O título III desta lei ocúpase desta materia, dispoñendo cál é tramitación oportuna que debe segui-lo anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Nesta orde de cousas preséntase máis correcta, desde o punto de vista técnico, á hora de enumerar-las competencias parlamentarias na elaboración dos orzamentos xerais, a prescrición do artigo 31, alínea 2 da Lei de principios ordenadores da Facenda xeral do País Vasco⁸ ó explicar que é función do Parlamento a aprobación do seu propio orzamento, que se integrará, para os efectos da debida orde, nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Euscadi. Esta autonomía recoñecida con carácter case universal para as cámaras vén sendo aconsellada pola mellor doutrina que se ocupou do problema dos orzamentos dos parlamentos.⁹

En sintonía co previsto no artigo 88 da Constitución e no artigo 111 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o proxecto de orzamentos deberá ir acompañado dunha exposición de motivos e dos antecedentes necesarios para se poder pronunciar. Este mandato constitucional e estatutario incúmprese de xeito xeneralizado nos proxectos de lexislación ordinaria, no tocante ós antecedentes necesarios que deben acompañar-las iniciativas gobernamentais. É precisamente o proxecto anual de orzamentos a única laudable excepción que se somete ós requisitos documentais posibilitadores da necesaria información previa dos parlamentarios, para o debate e eventual aprobación do seu texto. Neste sentido, o artigo 52 da Lei 11/1992 establece unha garantía complementaria, como é a obrigatoriedade da remisión da citada documentación ó Parlamento antes do 20 de outubro, co cal queda claramente periodificado o inicio do ciclo

⁶ En palabras do mestre Sainz de Bujanda: "a aprobación do orzamento é por esencia a manifestación suprema e sintética do poder financeiro do Parlamento". Tomado do seu traballo: "El poder financiero de las Cortes Generales: aspectos constitucionales del Presupuesto del Estado", en *Las Cortes Generales*, vol.I, IEF, 1987.

⁷ Publicada no *DOG* núm. 200, do 14 de outubro de 1992.

⁸ Manexámo-la edición do Parlamento vasco na colección: traballos parlamentarios 2. Nela pode consultarse a completa tramitación parlamentaria da lei coas distintas modificacións que lle foron incorporadas ó proxecto orixinario.

⁹ Así Carlo Finzi, *L'autonomia amministrativa ed economica delle assemblee legislative*, Camera dei deputi, Secretaria Generale, Roma, 1980. Para as Cortes Xerais resulta de interese o traballo de Salvador Montejo Velilla: "El régimen económico del Parlamento desde el punto de vista da autonomía financeira", contido no libro colectivo: *El Parlamento y sus transformaciones actuales. Jornadas organizadas por la Asamblea Regional de Murcia*. No dereito galego pode consultarse o excelente traballo de Ameijenda Cuns publicado na *Revista Galega de Administración Pública* nº 12, EGAP, Santiago de Compostela, 1996.

orxamentario no seo da Cámara autonómica. A fixación deste prazo non impide, ó noso xuízo, a perfecta constitucionalidade dos orxamentos tramitados co seu incumprimento, pois atopámonos ante unha simple irregularidade que no seu caso daría lugar exclusivamente ós eventuais controis de carácter político que a Cámara considerase que debe realizar¹⁰.

Son moi variadas as problemáticas suscitadas desde o punto de vista do control parlamentario á hora da elaboración dos orxamentos. Deterémonos aquí en dúas: o contido natural da lei de orxamentos e o tratamento das emendas orxamentarias.

O primeiro destes problemas foi resolto inicialmente pola Sentencia do Tribunal Constitucional núm. 76/1992 que perfilou de forma nidia o contido estricto das leis de orxamentos proscribindo a defectuosa técnica lexislativa de incluír materias heteroxéneas no seo da lei orxamentaria anual. Esta práctica viña sendo habitual nas leis autonómicas de orxamentos xerais nas que non era insólito atopar modificacións de leis alleas ós estados de ingresos e gastos, como a de función pública ou a de patrimonio. Esta problemática non é nova, pois xa en tempos da II República, e referíndose ó artigo 116 da Constitución do 9 de decembro de 1931, autores como Fábregas del Pilar ou Gutiérrez del Álamo criticaron a situación, se ben con escasos froitos. Na actualidade o Tribunal Constitucional parte da concepción da lei de orxamentos como instrumento ou como "vehículo de dirección e de orientación da política económica que lle corresponde ó Goberno" (STC, do 20 de xullo de 1981, f.x. 2º; STC 65/1987, do 21 de maio, f.x. 4º) e deste xeito o tribunal conclúe que é perfectamente posible que a lei que aprobe os orxamentos estableza outras disposicións de carácter xeral en materia propia de lei ordinaria se "gardan directa relación coas previsións de ingresos e as habilitacións de gastos dos orxamentos ou cos criterios de política económica xeral nos que se sustenta" (STC 63/1986, f.x. 12; STC 65/1987, f.x. 4º; STC 134/1987, f.x. 6º).

Lege ferenda sería aconsellable, desde o punto de vista da técnica normativa, a situación independente daqueles artigos que tendo unha conexión directa coa materia orxamentaria non lles afecten de xeito directo ás previsións de ingresos e habilitacións de gastos, basicamente polas doses de seguridade xurídica que se lles achegaría ós distintos operadores encargados de aplicar noso dereito¹¹.

Sen dúbida a limitación máis transcendente que os parlamentarios atopan á hora de controla-la elaboración dos orxamentos é a contida, para o caso galego, no artigo 129 do

¹⁰ O incumprimento do mandato temporal previsto na lei orxamentaria é habitual nos anos nos que se produce unha convocatoria electoral, pois o executivo xurdido das urnas non dispón do tempo necesario para a preparación dun proxecto tan complexo como é o de orxamentos.

¹¹ Nesta liña sitúase tamén Ángel Aguillo Avilés no seu comentario: "La significación de la ley de presupuestos en el ordenamiento financiero" incluído no volume colectivo *Jurisprudencia del Tribunal Constitucional en materia financiera y tributaria* (1981-1989), Editorial Tecnos, Madrid, 1990, Páxs. 266-272.

Regulamento do Parlamento de Galicia nos seus apartados 3 e 4. Precísase nesta sede, que as emendas ó proxecto de lei de orzamentos que supoñan un aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite se ademais de cumprilos requisitos xerais, propoñen unha baixa igual na contía da mesma sección. Esta limitación trae de actualidade o requisito xeral esixido ós deputados para a presentación das emendas, a saber, a necesidade de contar coa sinatura do voceiro do grupo parlamentario no que se integran. A pesar de que este requisito se considera nos regulamentos parlamentarios "para os efectos de simple coñecemento" a práctica parlamentaria do caso galego inclínouse pola inadmisión das emendas que non cumpran esta formalidade, nunha liña que presenta, ó noso xuízo, serias dúbidas de constitucionalidade. Non podemos descoñecer como apunta Carmelo Ursino¹² que o poder de proposta de emenda é o único instrumento que se lle consente ó deputado individual de poder contribuir á definición da disciplina dunha materia lexislativa.

Ó carón desta problemática xeral suscítese o grao de adecuación dos regulamentos parlamentarios ás técnicas de orzamentación por programas e obxectivos, debéndose resolve-lo papel que cumpre o concepto de "sección" na tramitación do proxecto de lei de orzamentos xerais. Neste sentido, pode aconsellarse, como opina Fernández-Carnicero unha adecuación dos regulamentos parlamentarios ás novas técnicas orzamentarias superando esquemas facendísticos existentes no momento da elaboración dos estatutos parlamentarios¹³.

Unha limitación complementaria ó dereito de emenda é a que afecta a aquelas que supoñen unha minoración de ingresos para as que se esixe a súa remisión á Xunta de Galicia para que lles emita informe favorable ás mesmas no prazo de 15 días. José Antonio Víboras considera que esta limitación se presenta como unha importante restricción ó principio de competencia orzamentaria das cámaras, xa que o requisito da conformidade do Goberno pode supoñer, na práctica, unha verdadeira anulación do poder decisorio destas¹⁴. De modo coherente coa interpretación que argumentaremos no tocante ás emendas que afecten a un proxecto de lei e que teñan efectos orzamentarios, deberase interpretar que a diminución de ingresos tomará como punto de referencia os fondos públicos vixentes no momento da tramitación do proxecto de lei de orzamentos e non o nivel de ingresos do proxecto de lei de orzamentos que se está a discutir. Como apunta Cazorla Prieto outra interpretación "conduce a cerna-las facultades de control parlamentario e é prexudicial pa-

¹² Carmelo Ursino, *Spunti per una riforma del parlamento. Democrazia e diritto* n° 3-4, Edizioni Scientifiche Italiane, 1996.

¹³ Citado por Miguel Ángel Martínez Lago, *Manual de derecho presupostario*, Editorial Colex, Madrid, 1992. Páxs. 91 a 93. Nesta orde de cousas cómpre ter presente a recente introducción en España da técnica de presupostación por programas, cando noutros países pioneiros nestas materias (Estados Unidos por exemplo) xa se ten abandonado.

¹⁴ Pode consultarse neste sentido o seu traballo: "Limitaciones de los Parlamentos de Comunidades Autónomas en el debate presupuestario", publicado no volume colectivo: *El parlamento y sus transformaciones actuales*, cit. supra.

ra que a Cámara poida desenvolver debidamente o seu cometido de control orzamentario nun dos aspectos que adquire día a día máis importancia".

Unha vez aprobada a lei anual de orzamento xorden inevitables circunstancias que provocan as coñecidas modificacións orzamentarias, respecto das cales o Parlamento debe mante-lo necesario control. Entre todas elas destacan os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se lles corresponden a aqueles gastos que non se poidan demorar ata o exercicio seguinte, e respecto dos cales non exista crédito no estado de gastos ou sexa insuficiente. Estes créditos extraordinarios requiren a tramitación dun proxecto de lei e polo tanto a oportuna aprobación parlamentaria, someténdose pois ó máis rixido control parlamentario¹⁵.

A actividade de control desenvolvida pola Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento afecta ó seguimento das modificacións orzamentarias, e deste xeito o artigo 65 da Lei 11/1992 prevé na súa alínea 2 que de cada modificación orzamentaria consistente nunha transferencia de crédito ó consello da Xunta lle deberá dar conta, de xeito singular, no prazo máximo de 20 días, á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, coa remisión da copia do correspondente expediente. De igual xeito a incorporación de créditos prevista no artigo 71 da lei citada deberán ser coñecidas pola Comisión parlamentaria para os debidos efectos de control. Como subliña Cazorla Prieto, "a acentuación deste control orzamentario en sede parlamentaria é unha imposición decidida dos tempos que corren e das circunstancias que imperan hoxe"¹⁶.

Esta actividade da Comisión parlamentaria de control vén sendo das máis subliñables dentro das comisións permanentes. Deste xeito, e referíndonos ó recente primeiro período de sesións de 1996, a Comisión 3ª, de Economía, desenvolveu un total de once reunións, o que a sitúa entre as de maior actividade no Parlamento de Galicia. Esta situación non é exclusiva do noso legislativo autonómico, e deste xeito atopamos datos recentes das cámaras federais de Ontario e Québec nas que se pode comprobar como as comisións de orzamentos, finanzas e asuntos económicos supoñen unha porcentaxe moi importante, e en todo caso maioritaria, das reunións mantidas polas respectivas comisións parlamentarias¹⁷.

De xeito paralelo á información relativa ás modificacións orzamentarias é necesario prever unha dación de conta periódica por parte dos responsables gobernamentais do Estado de execución orzamentaria. Deste xeito, o artigo 117, apdo. 3º da Lei

¹⁵ Deste xeito regúlanse no artigo 62 na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e se teñen aprobadas varias leis que afectan ó réxime retributivo dos funcionarios ou para atender os gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia. Neste sentido pode consultarse o noso traballo "Crónica parlamentaria do final de lexislatura do Parlamento de Galicia" 1er. período de sesións, 1993, *Revista das Cortes Xerais* núm. 29, 2º cuadrimestre de 1993.

Algún autor como Alberto Figueroa Laraudogoitia inclúe dentro das funcións de control do Parlamento aquelas que se refiren ás autorizacións patrimoniais e financeiras que a Cámara ten atribuídas, conforme ás previsións que a lei vasca 14/1983, sobre patrimonio de Euskadi fai respecto disto. *Vid.* o seu libro: "El Parlamento vasco", *Cuadernos autonómicos*, Instituto vasco de Administración Pública, Páxs 113 e 114.

¹⁶ Tomado do seu traballo "El procedimiento presupostario: control parlamentario de la ejecución del presupuesto". Relatorio presentado ó "Seminario sobre o dereito parlamentario", Victoria-Gasteiz. Marzo, 1990.

¹⁷ Neste sentido, pode consultarse o traballo: "Les commissions parlementaires au Québec et en Ontario", *Revue parlementaire canadienne* nº 1, vol. 19, 1996.

¹⁸ Conforme ó seu traballo "Las comisiones de presupuestos" presentado ó Seminario sobre "Las comisiones parlamentarias" organizado polo Parlamento vasco en outubro de 1993.

A importancia do papel das comisións parlamentarias no control do goberno, así como a necesidade de melloralos medios persoais e materiais cos que contan foi subliñada por Francisco J. Visiedo Mazón no seu relatorio: "Auxilio técnico a las Comisiones" presentado ó seminario antes citado.

¹⁹ Vid. "La cuenta general del Estado ante el Tribunal de Cuentas y ante el Parlamento", en AAVV, *Funciones financieras de las Cortes Generales*, Congreso de los Diputados, Madrid, 1985. Páx. 249.

²⁰ Vid. A súa análise detida acerca dos órganos lexitimados para a solicitude destes informes nas comunidades que dispoñen de Sindicatura de Contas propia e aquelas nas que non existe no seu traballo: "La distribución del control parlamentario entre los órganos de las asambleas legislativas de las comunidades autónomas", Seminario "VI Xornadas: Problemas actuales del control parlamentario", Madrid, 1995.

²¹ Esta posibilidade regulamentaria non atopa unha práctica reiterada no caso do Parlamento galego, a diferenza do que podemos observar noutros lexislativos autonómicos. Sirva de exemplo a recente disconformidade do Consello do Goberno e terminación anticipada da tramitación da proposición de lei do G.P. Mixto de defensa dos animais que viven no contorno humano en Asturias. *Boletín Oficial de la Junta del Principado de Asturias*, Serie A - Actividad legislativa, n.º 33.2, do 23 de xuño de 1996.

11/1992, obriga o conselleiro de Economía e Facenda a comparecer trimestralmente para os citados efectos. Opinamos de acordo con Pulido Quecedo que un bo mecanismo para o control de execución orzamentaria é o establecido polas oficinas de control orzamentario que permiten un asesoramento técnico dos órganos da cámara e dos deputados en relación coa aprobación e execución dos orzamentos xerais e con aqueles aspectos da actividade parlamentaria que teñan repercusión nos ingresos e nos gastos públicos¹⁸.

O ciclo orzamentario complétase como ben é sabido coa tramitación da conta xeral da comunidade prevista nos artigos 118 e ss. da nosa lei orzamentaria. Como apuntou Fernández-Carriñero a Conta xeral é o núcleo esencial do control orzamentario da execución do orzamento¹⁹. A conta xeral da comunidade de cada ano debe formarse antes do 31 de agosto do ano seguinte e remitirse logo de acordo do Consello da Xunta ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas dentro dos dous meses seguintes ós da súa formación. En todo caso, a conta xeral deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia para darlle cumprimento ó disposto no apartado b) do artigo 10 do Estatuto de autonomía.

Non debemos perder de vista, como subliña Arce Janáriz, que o Parlamento pode requirir tamén do Consello de Contas á parte do relativo á conta anual, outros informes sobre cuestións de ámbito financeiro máis limitadas²⁰, se ben a práctica galega neste extremo resulta pouco esperanzadora, xa que a maioría parlamentaria non é xeralmente proclive á solicitude destes informes especiais.

b. A función lexislativa

Dentro da elaboración das leis autonómicas o Parlamento atopa certas limitacións no suposto de que a iniciativa para aprobar implique algún tipo de consecuencias financeiras. Por unha banda, e conforme ó artigo 123, alínea 1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia pode manifesta-lo seu criterio respecto da toma en consideración dunha proposición de lei, así como a súa conformidade ou non coa tramitación se implica aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios. Esta prerrogativa governamental, totalmente excepcional, atopa un contrapeso na importante limitación da súa vixencia. É dicir, no suposto de que a Xunta de Galicia non manifeste no prazo de quince días o seu criterio respecto disto, a proposición de lei quedará en condicións de ser incluída na orde do día do pleno para a súa eventual toma en consideración²¹.

Como apuntou Martínez Lago, a Mesa da Cámara ten a obriga formal de remitirle ó Goberno a proposición de lei, e no suposto de que se incumprise este mandato regulamentario caería a posibilidade de que se suscitase un conflito positivo de atribucións de acordo ó disposto nos artigos 59.3 e 73 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional²². Estes supostos conflictuais non son frecuentes nas prácticas parlamentarias que, como a nosa, gozan dunha correspondencia clara entre o grupo parlamentario que sustenta ó Goberno, e o que domina os órganos rectores da Cámara.

No suposto de que o prazo de quince días previsto no artigo 123 do Regulamento transcorre sen actuación governamental, a Xunta non se podería manifestar respecto disto, senón a través do seu trasunto parlamentario, a maioría que apoia o executivo, rexeitando a eventual toma en consideración da proposición de lei, pero non por motivos orzamentarios, senón por causas de oportunidade política.

Outra limitación importante dentro da potestade lexislativa vén dada polas limitadas emendas que lle pode formular un deputado ou grupo parlamentario a un proxecto de lei que leven consigo un aumento de crédito ou unha mingua dos ingresos orzamentarios. O mecanismo parlamentario previsto é o de que o relatorio encargado de redactalo informe sobre o proxecto de lei, debe remitirle á Xunta por conducto do presidente do Parlamento aquelas emendas que considere que supoñan o citado aumento ou mingua. A Xunta de Galicia deberá responder de xeito razoado no prazo de quince días que, como no suposto citado respecto do criterio sobre as proposicións de lei, se configura como un prazo perentorio. En todo caso, o Executivo goza da posibilidade de opoñerse á tramitación das emendas desta clase que non lle fose consultada da forma citada (artigo 113 do Regulamento do Parlamento de Galicia). Esta previsión regulamentaria acerca das emendas presentadas ós proxectos de lei debe entenderse estendida, ó noso xuízo, ás emendas presentadas ás proposicións de lei, xa que nos atopamos nunha situación en todo punto equiparable.

Xorde un importante problema á hora de analiza-la actividade cualificadora da ponencia das emendas con contido financeiro. Obviamente a ponencia é un instrumento parlamentario de traballo que actúa conforme a criterios políticos, e que, polo menos na práctica parlamentaria galega, se rexe pola polémica regra do voto ponderado²³. Pensamos que unha cuestión de tal dimensión práctica como a cualificación das emendas con efectos orzamentarios, lle debería quedar reservada ó

²² Opinión manifestada no seu manual de dereito orzamentario, *Ordenación jurídica de los presupuestos y del control de la Hacienda Pública*, Ed. Colex, Madrid, 1992. Páxs 142. e ss., solución que non é aplicable ó caso galego pola ausencia de lexitimación nos artigos citados para os lexislativos autonómicos.

²³ Criterio este, o do voto ponderado, que debe ser de utilización restrictiva, pois se ben o Tribunal Constitucional non ten declarado a súa inconstitucionalidade, é dificilmente cohonorable co principio do voto persoal e indelegable previsto na nosa Carta Magna.

órgano que parlamentariamente exerce de xeito habitual estas funcións, a Mesa do Parlamento. Solución esta que ademais lles presenta evidentes vantaxes ós posibles efectos impugnatorios da resolución cualificadora.

c. A función de información e impulso

Miceli afirmou que o dereito de interpelación posúe un dobre fundamento: por un lado a función crítica ou de inspección, e por outro, a función representativa, en canto serve de canle para a expresión da voz do pobo²⁴. Como se pode observar nesta clásica definición a posibilidade de inspecciona-la acción de goberno, e polo tanto de controla-la súa actuación, pode ser desenvolvida a través das interpelacións e preguntas parlamentarias.

Un breve repaso da actividade rogatoria desenvolvida pola Comisión 3ª do Parlamento de Galicia, de Economía, Facenda e Orzamentos, lévanos a concluír que o control económico non estrictamente orzamentario é moi esixente no seo do legislativo autonómico²⁵.

As preguntas que requiren a súa contestación escrita e as solicitudes de información ó abeiro do artigo 9 do regulamento suscitan importantes problemas de índole práctico, no tocante á súa substanciación. En primeiro lugar, o Regulamento do Parlamento de Galicia establece unhas importantes limitacións ó contido das preguntas no seu artigo 153, alínea 2. Deste xeito non se admite pregunta de exclusivo interese persoal de quen a formula ou de calquera outra persoa singularizada, nin a que supoña consulta de índole estrictamente xurídica. A primeira das limitacións provocou importantes contenciosos internos no seo do Parlamento, que atinxen á materia do control das axudas públicas por parte dos parlamentarios. Sinteticamente, o problema limítase á posibilidade de que os deputados soliciten un listado individualizado das axudas e subvencións concedidas por determinado departamento da Administración e este se negue a proporcionarlos. Neste suposto prodúcese un conflito entre o dereito do deputado de obtención da información e o dereito que poidan te-los particulares á súa privacidade, pois nos expedientes administrativos de concesións das subvencións poden figurar numerosos datos de carácter persoal dos solicitantes. Seguindo os criterios apuntados por Sáinz Moreno respecto da facultade de información da que dispoñen os deputados podemos presentar como axeitado o obxecto das preguntas escritas e solicitudes de información, no ámbito financeiro os seguintes:

a) A pregunta debe ser no seu contido proporcionada no tempo e na cantidade,

²⁴ Vid. *Il diritto de' interpellanza*, società editrice libraria, Milán, 1908. Páxs. 12 e ss.

²⁵ Referíndonos á III lexislatura do Parlamento son subliñables os datos contidos no noso balance de lexislatura publicado na *Revista Dereito* n.º 1, Volume III, páxs. 201-215 de 1994, na que lembrámo-lo importante número de preguntas parlamentarias (1.758). No máis recente período de sesións un total de 293 preguntas con resposta escrita foron presentadas, das que unha importante parte se refiren ó control económico gubernamental.

b) A información solicitada debe ser transparente, é dicir, debe coñecerse a finalidade para a que se pide,

c) Igualmente o obxecto da pregunta debe ser axeitada para a finalidade para a que se pide, é dicir, o mellor cumprimento das funcións parlamentarias e, por último,

d) O obxecto da pregunta debe ir dirixida a quen lle concerne e non indirectamente a terceiros que por calquera motivo a posúan²⁶.

Outra limitación que o deputado atopa na súa función rogatoria é a de limita-la súa facultade de información soamente fronte á Administración pública da Xunta de Galicia, organismos e empresas dependentes da mesma, interpretación esta que presenta a doutrina como a máis axustada, a pesar de prescricións xenéricas como as do artigo 9, alínea 1 do Regulamento do Parlamento de Galicia que consideran a posibilidade de solicitarlles información "ás administracións públicas en xeral"²⁷.

As comisións previstas no artigo 50 do Regulamento do Parlamento de Galicia con carácter non permanente poden desenvolver tamén unha importante actividade de control sobre as finanzas públicas. A actual lexislatura coñece a existencia dunha comisión especificamente creada para o seguimento dunha actividade financeira do executivo, trátase da Comisión non permanente especial de seguimento do Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia. Esta comisión foi creada como consecuencia da aprobación do citado plan e constitúe un foro específico de control da execución dunha importante competencia que ten atribuída a Comunidade Autónoma con carácter exclusivo. A presenza regular neste tipo de comisións de autoridades e expertos alleos ó Executivo, introduce matices importantes ó control por elas desempeñado, que non se limita, como no caso das comisións parlamentarias permanentes, a un debate entre os distintos grupos parlamentarios, senón que posibilita a presenza dos axentes sociais na función de control do parlamento.

As comisións parlamentarias de investigación poden crearse para comproba-la actuación do Goberno ou dalgún servizo público, así como para coñecer algunha materia con vistas ó seu tratamento lexislativo. Nembargantes, como ten subliñado Fernando Santaolalla nada impide que estas comisións de investigación amplíen o seu campo de acción para abarcaren outros aspectos de menor importancia²⁸. Nesta liña é posible a utilización das comisións parlamentarias de investigación para inspecciona-la execución da actividade financeira do Goberno, se ben cuns límites que a doutrina máis reputada pon de actuali-

²⁶ Fernando Sáinz Moreno: "Consideración sobre algunos límites del derecho de información de las Cámaras" publicada no volume colectivo *Instrumentos de información de las cámaras parlamentarias*, Páxs. 84 e 85.

²⁷ A interpretación conforme ó exposto faise por autores como Juan Cano Bueso e José M^a Morales Arroyo na súa obra *El Parlamento de Andalucía, estructura y organización*, Ed. Tecnos, Madrid, 1987. Páx. 23.

²⁸ Fernando Santaolalla: "El Parlamento y sus instrumentos de información", *Revista de Derecho privado*, Madrid, 1982. Páx. 247 e 248.

²⁹ Estámonos a referir ó recente traballo de García Morillo, Joaquín: "Principio de autonomía y control parlamentario: el supuesto de las comisiones de investigación", *Revista vasca de Administración pública* n.º 44, xaneiro-abril, 1996, Páxs. 153 a 169.

dade²⁹, e que se refiren a que a actuación das comisións debe circunscribirse ó respectivo ámbito territorial do Parlamento do que nacen, e que, por outra banda non poden pretender controlar órganos públicos que non están sometidos ó seu control, e si o están a controis alleos.

Estas facultades de control das comisións de investigación aumentaron a súa virtualidade enormemente coa aprobación e entrada en vigor da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, polo que se aproba o Código penal ó dispoñer no seu artigo 502 que serán castigados como reos de delicto de desobediencia aqueles que sendo requiridos de xeito legal e baixo avertencia, deixasen de comparecer ante unha comisión de investigación das Cortes Xerais ou dunha Asemblea lexislativa de Comunidade Autónoma. Como se pode apreciar a novidade é moi transcendente posto que con anterioridade non existía sanción ningunha (nin penal nin administrativa) para aqueles que se negasen a comparecer ante as comisións parlamentarias no seo das cámaras autonómicas.

d. Funcións derivadas da relación con outros órganos de control

A previsión do artigo 153, apartado d) da Constitución española no tocante ó control da actividade dos órganos das comunidades autónomas, ten evidentes consecuencias respecto do tema que nos ocupa. Deste xeito, o Tribunal de Contas dependente das Cortes Xerais, de conformidade co citado artigo, exerce o control económico e orzamentario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase pois dun control parlamentario dependente das Cortes Xerais por canto, como é ben sabido, o Tribunal de Contas intégrase dentro dos chamados "órganos dependentes" categoría non mencionada na Constitución, pero que a doutrina ten asimilado os órganos "auxiliares" profundamente estudados no caso italiano³⁰.


A lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece no seu artigo 115 que as contas e documentación que se lle deba render ó Tribunal de Contas se formarán e pecharán por períodos trimestrais, agás as correspondentes ós organismos autónomos, sociedades públicas e demais entes que conforman o sector público de Galicia, que o serán anualmente. Como acabamos de expoñer, este control desenvolvido polo Tribunal de Contas poderá te-los oportunos efectos parlamentarios a través da actividade que os deputados e senadores membros da comisión mixta Congreso-Senado para as relacións co Tribunal de Contas teñan a ben desenvolver.

³⁰ Neste sentido pode consultarse o traballo de Blanco Herránz, Francisco Javier: "Los órganos dependientes del Parlamento Vasco, el Tribunal vasco de Cuentas Públicas y el Ararteko", "Seminario sobre el derecho parlamentario", Vitoria-Gasteiz, do 1 ó 3 de marzo de 1990.


Obviamos aquí a análise das relacións que o Parlamento poida ter con outros órganos como son as intervencións existentes das distintas dependencias do executivo. Ó noso xuízo o deber de información que o Goberno ten fronte ós deputados ou, no seu caso a creación das oportunas oficinas parlamentarias de control orzamentario deben evitar que se produzan os habituais reproches que os gobernos lles fan ós seus antecesores sobre a existencia de "buracos orzamentarios" que estes din que descoñecen.

Unha transcendencia maior ten no ámbito autonómico o control exercido polo Consello de Contas de Galicia, órgano creado no artigo 53 do Estatuto de autonomía de Galicia como responsable de asegura-la rendición de contas da Comunidade Autónoma que se deberá someter á aprobación do Parlamento. Non é este o lugar para analizar polo miúdo a posición estatutaria do Consello de Contas, soamente nos debemos amosar favorables, de acordo coa opinión de González Méndez, no feito de que a xurisprudencia recente do Tribunal Constitucional (STC 18/1991, do 31 de xaneiro) non debe posibilitar unha limitación das funcións que a lei reguladora do citado órgano lle vén atribuíndo, moi especialmente ás de carácter fiscalizador³¹.

Non se debe perder de vista en ningún momento que a actividade desenvolta polo Consello de Contas debe de ser auxiliar da exercida polo Parlamento autonómico, especialmente no referido á análise da conta xeral da Comunidade Autónoma, posto que a información e estudos proporcionados polo Consello lles deben servir de base ós deputados que exerzan o seu labor de control. Neste sentido, faise extremadamente conveniente que os informes e memorias elaborados polo Consello de Contas se emitan o máis axiña posible, para que o paso do tempo non dificulte ou imposibilite a esixencia de responsabilidades.

A Mesa do Parlamento de Galicia na súa reunión do día 25 de marzo de 1993, aprobou unhas normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia que viñeron a regula-las relacións sobre fiscalización externa da actividade económico-financeira do sector público de Galicia, da súa iniciativa de oficio ou a pedimento do Parlamento, na vertente parlamentaria, coa finalidade de darlles trámite no seo da Cámara ás memorias, informes e dictames previstos na Lei 6/1985, do 24 de xuño. Estas disposicións viñeron a clarificar enormemente as relacións entre o Consello e a Cámara da que depende, se ben non prevén que se produza un funcionamento máis fluído na actividade do Consello de Contas, manifestación clara que se produce pola presentación da memoria de actividades do Consello de Contas correspondente ós anos 1994 e 1995 e do seu informe de fiscalización da Conta Xeral da CA correspondente ó exercicio económico de 1992 no mes de xuño deste ano, o que dá idea do atraso desta actividade fiscalizadora, que redunda nas dificultades de control desde o punto de vista parlamentario. 

³¹ Así, González Méndez, Amelia: "El Consello de Contas y la autonomía financiera de Galicia" (Notas á STC 18/1991, do 31 de xaneiro) publicado no volume colectivo Estudios en homenaxe ó profesor Carlos G. Otero Díaz, Universidade de Santiago de Compostela, 1991, páxs. 9-26.



CRÓNICA

ADMINISTRATIVA

Crónica da visita dos senadores Iragorri, Uribe e Martínez á EGAP o día 7 de xullo de 1995

Dolseiro da EGAP | Ignacio López-Chaves y Castro

O día 7 de xullo de 1995 no marco da visita que os señores Iragorri, Uribe e Martínez, senadores da República de Colombia, realizaron á Escola Galega de Administración Pública, asistiron, na sala de xuntas da mesma, ás explicacións que sobre o réxime básico das comunidades autónomas, o proxecto de Administración única da Xunta de Galicia e o réxime básico da Administración local, lles expuxeron o profesor González Mariñas, o profesor Rodríguez Arana e D. José Manuel Pardellas, respectivamente.

O obxecto da visita, como sinalou o senador Carlos Martínez, era o de coñecer a realidade da situación de desconcentración e autonomía política que existe en España trala Constitución de 1978. E isto porque existe en Colombia un proxecto de nova ordenación territorial, do que os citados senadores son relatores. Este proceso iníciase en Colombia logo da aprobación da Constitución do 10 de outubro de 1991. O título XI, que regula

a organización territorial, sinala no seu art. 286 que son entidades territoriais os departamentos, os distritos, os municipios e os territorios indíxenas. No parágrafo 2º dispón que a lei lles poderá da-lo carácter de entidades territoriais ás rexións e provincias que se constitúan nos termos da Constitución e da lei. O art. 287 reconece a autonomía das entidades territoriais e, por último, o art. 288 afirma que “a lei orgánica de ordenamento territorial establecerá a distribución de competencias entre a nación e as entidades territoriais. As competencias atribuídas ós distintos niveis territoriais serán exercidas conforme ós principios de coordinación, concorrencia e subsidiariedade nos termos que estableza a lei”.

Con base nos preceptos constitucionais trátase de desenvolver as rexións e provincias, que, como sinala o art. 286 parágrafo 2º, se poden constituír como entidades territoriais.

A organización territorial da República colombiana é a de nación-departamento-municipio. A ela, e de acordo co que vimos, previuse a incorporación das rexións e das provincias.

Os departamentos en Colombia son moi diferentes pola súa extensión, poboación, recursos, etc. De aí, polo tanto, a dificultade de “identificar” dentro destes departamentos e rexións. Ademais, o problema agrávase polos innumerables conflitos que trala independencia, enfrontaron os distintos departamentos. É, polo tanto, un tema moi conflictivo e problemático.

Na primeira intervención o profesor González Mariñas referiuse ó Estado autonómico español, examinando, principalmente, as normas contidas no título VIII da Constitución e nos estatutos de autonomía. Sinalou a complexidade do sistema competencial que se deriva do chamado “bloque de constitucionalidade”. Tamén se referiu ás reclamacións, que de xeito continuo, realizan as comunidades autónomas, consecuencia derivada do carácter aberto do título VIII da Constitución.

Continuou referíndose a Galicia como Comunidade Autónoma, a súa organización administrativa, e resaltou que segue as pautas da Administración central do Estado, o que nos levou a construír unha administración coas deficiencias da Administración central.¹

O interese dos senadores colombianos pola organización territorial do Estado español deu orixe a que o profesor González Mariñas explicase a figura que en España equivalería ó prefecto colombiano, que sería a figura española do gobernador civil, máxima autoridade do Estado en cada provincia. Ó producirse unha nova estruturación do Estado, modifícase a función do gobernador civil; mentres que a provincia se man-

¹ Na realidade práctica, como é sabido, a aparición destes novos apartados do poder, as comunidades autónomas, non deu lugar a unha pluralidade de modelos organizativos, que se presentasen como alternativos e innovadores fronte ós esquemas tradicionais de organización administrativa, o cal, desde unha perspectiva de estricta constitucionalidade, sería admisible.

A necesidade destas administracións de dotarse de maneira inmediata, dunha infraestrutura abonda e duns recursos humanos adecuados para atender as competencias que fan asumindo, obrigou, nalgúns casos, a acudir a cadros de persoal non profesionalizados ou con niveis insuficientes de experiencia e formación técnica, que deron lugar “a unhas improvisadas técnicas de xestión que, na práctica, resultaron ser reiterativas e nada innovadoras”.

tén, en tanto aparece protexida pola nosa Constitución, pois non hai que esquecer que as provincias son a circunscrición dos deputados e senadores. O goberno provincial, continuou explicando o profesor González Mariñas, está constituído polas deputacións, que, na súa opinión, no suposto de ser distinta a cor política cá do goberno da Comunidade Autónoma, pode ser orixe de numerosos conflitos. Tamén se referiu ó actual proceso de "comarcalización" promovido pola Xunta de Galicia.

Así mesmo, explicou as fontes de financiamento das comunidades autónomas, distinguindo entre taxas e impostos cedidos e o fondo de compensación interterritorial.

Aludiu, ademais, ó Parlamento autonómico, que motivou a pregunta dos senadores colombianos sobre o criterio para determinar-lo número dos seus membros. O profesor González Mariñas respondeu que se trataba de compensar-lo despoboamento de determinadas provincias, en concreto Ourense e Lugo, de tal maneira que o número de deputados se establece non só en relación á poboación, senón aplicando outros criterios correctores.

Por último, examinou as figuras do Valedor do Pobo, o Consello de Contas e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ó concluí-la súa intervención, os senadores colombianos expuxeron a pregunta relativa ás áreas en que se produciron maiores conflitos entre o Estado central e a Comunidade Autónoma galega, ó que o profesor González Mariñas respondeu que case todas, sinalando, por exemplo, que se tardou moito en transferi-lo Insalud.

Outra pregunta que se expuxo foi a referida ás competencias en materia de Forzas Armadas e relacións internacionais. Aquí referiuse o profesor González Mariñas ás consecuencias derivadas da incorporación de España ó proceso de integración europea, sinalando que hoxe en día as relacións con Europa non son relacións internacionais, senón que, tal como afirma o Tribunal Constitucional, hai que darlles participación ás comunidades autónomas nas decisións que lles afectan ós intereses rexionais.

Tamén se preguntou polo criterio que se aplicara na determinación do ámbito territorial de cada Comunidade Autónoma, ó que o conferenciante respondeu que foron razóns históricas as que determinaron, e que, en xeral, non houbo problemas, agás no País Vasco, Navarra e Castela-León.

Así mesmo, o profesor González Mariñas sinalou que non se sabe cá é a fin do proceso iniciado coa Constitución de 1978, se derivará nun Estado federal ou se se manterá coa configuración actual.

Os senadores colombianos presentaron tamén un problema eminentemente práctico, relativo a se funciona o actual Estado das autonomías. González Mariñas afirmou que efectivamente funciona, pero con disfunción.

A continuación, tras explica-lo motivo da viaxe, á que nos referimos ó comezo deste informe, preguntáronlle ó profesor González Mariñas sobre o mellor proceso de rexionalización que na súa opinión se debería seguir na República colombiana, ó que respondeu que poden ser distintas as vías. Así, referiuse á situación francesa, na que existe unicamente unha rexionalización departamental a efectos exclusivamente económicos, debido a que neste país non existe ningún interese político ou social para ir máis aló, considerando por isto que o proceso en Colombia dependerá da maior ou menor concienciación de autonomía que exista na realidade colombiana. Se a houber, terían que buscarse raíces de conexión histórica, económica e social para a formación das distintas rexións ou provincias.

Logo dun breve descanso, interveu o profesor Rodríguez-Arana, quen disertou sobre o proxecto de Administración única da Xunta de Galicia. Afirmou que a Administración única é unha doutrina administrativa e un conxunto de reflexións que xorden da lectura da Constitución. Sinalou que o título VIII da Constitución é un título aberto o que, como afirma Rubio Llorente, é unha sinfonía inacabada, que hai que desenvolver, pero sempre co límite do pacto constitucional.

No relativo ós principios que rexen a relación entre as comunidades autónomas e o Estado, sinalou que o Estado español non é un Estado federal, pero que si utiliza os esquemas federalistas e que, polo tanto, é un Estado tendencialmente federal.

É no ano 1992 cando se presenta o termo "Administración única". Os seus fundamentos son os seguintes: en primeiro lugar, desde o punto de vista da ciencia política, obsérvase que se produciu unha despersonalización das estruturas administrativas, coa conseguinte desvinculación do cidadán e da Administración. Obsérvase, ademais, que os cidadáns están máis cómodos coas administracións locais e rexionais que coa Administración central. Desde o punto de vista da ética social, a Administración única encontra o seu fundamento no principio de subsidiariedade, que afirma que as estruturas administrativas han de esta-lo o máis preto posible do cidadán. O Tratado da Unión Europea así o establece no seu artigo 3 B, pero esquecéndose dos entes locais e rexionais, de aí, polo tanto, a reformulación dese precepto. Desde o punto de vista da eficacia e eficiencia hai que evita-las duplicidades administrativas, aínda

que sen omitir que estes son os únicos criterios de actuación da Administración pública, pois non hai que esquecer que cumpren tamén unha indubidable función social.

O artigo 150.2 da Constitución permítelle ó Estado delegar ou transferir funcións de competencia exclusiva do Estado, pero, como sinalou o profesor Rodríguez-Arana, este é un precepto moi poucas veces utilizado. Así mesmo, sinalou que do texto cabe extraer que o artigo que estamos a comentar é un precepto a través do cal se fai efectivo o principio de colaboración administrativa, polo que con base nel é posible que a función executiva de competencia exclusiva do Estado se lles transfira ás comunidades autónomas, aínda que nunca a súa titularidade.

O obxecto final, como sinalou o profesor Rodríguez-Arana, é que o cidadán saiba a ónde ten que acudir e facer efectivo o principio de colaboración.

Preguntaron os senadores colombianos cáles serían as materias que cabería delegar. O profesor Rodríguez-Arana respondeu sinalando que existen algunhas que son de interese nacional nas que non é conveniente o xogo da Administración única, como por exemplo as relacións internacionais. Nas restantes, máis que facer unha lista de funcións que poidan ser obxecto de transferencia ou delegación, habería que ver cáles serían os seus límites negativos, que resultarían do xogo de principios de solidariedade, unidade de mercado, cooperación, soberanía e dereitos fundamentais.

Tamén sinalou que a Administración única é unha construción que pouco a pouco se vai implantando, entre outras, por razóns económicas, sobre todo en épocas como a actual, de excesivo gasto público.


A Administración única, continuou o profesor Rodríguez-Arana, non remata no chanzo autonómico, senón que se debe aplicar nos concellos e deputacións, e isto porque, sobre todo a primeira, é a administración máis próxima ó cidadán.

Referiuse, así mesmo, ó título VIII, cualificándoo de deliberadamente ambiguo, o cal motivou a pregunta de se esa ambigüidade foi conscientemente deliberada ou produto do azar, ó que o profesor Rodríguez-Arana respondeu que foi certamente calculada, por mor do problema rexional do País Vasco e Cataluña.

Por último, sinalou que a Administración única é a adecuación da organización administrativa ó Estado complexo que xorde da Constitución de 1978.

Para rematar, interveu D. José Manuel Pardellas Rivera, quen disertou sobre o tema do réxime básico da Administración lo-

cal, e fixo unha especial referencia a Galicia. Durante a súa intervención entregoulles ós asistentes un breve esquema da Administración local en Galicia, que serviu de pauta de explicación.

Unicamente, no relativo ós principios xerais referiuse ós de solidariedade, autonomía e suficiencia financeira, igualdade e libre circulación de persoas. 

Crónica do encontro sobre “A Administración intelixente”

Bolseiro da
EGAP

Enrique José Varela Álvarez

Os días 10 e 11 de xullo de 1995 realizouse no Escorial, dentro dos cursos de verán, unha xuntanza que sobre a “Administración intelixente” reuniu a destacados especialistas no ámbito dos estudos da ciencia da Administración, do dereito, da ciencia política, da economía e da empresa, así como a políticos que están desenvolvendo na actualidade as propostas que foron obxecto de debate nesta xuntanza. A razón pola cal se trae a colación este debate un ano despois de realizado non é outra que a de constata-los cambios que se produciron na conceptualización da Administración pública española e o redeseño do modelo de Estado (nestes últimos meses de máxima actualidade, polo cambio de partido no Goberno da Nación e polas propostas introducidas para producir ese cambio -cesión do IRPE, Pacto local, Administración única, etc.); dado que algúns dos relatores e asistentes á xuntanza teñen na actualidade unha posición distinta da que tiñan cando sostiñan as propostas, e con responsabilidade política práctica para poder levarlos a cabo.

O obxecto do presente curso foi o de achegarse ós estudos sobre a Administración pública desde a perspectiva ou o enfoque postburocrático, onde se lle trata de outorgar maior poder ó cidadán, de gobernar xunto a el e pensando nel. Así, tan importante son as "cousas" que fai a Administración como a "forma" en que as fai, e como exemplo algúns dos seguintes valores que predominan no discurso actual do debate público-académico sobre as *res publica*:

- Os resultados dos programas governamentais deberían ser subministrados pola iniciativa, pública ou privada, máis eficiente,
- Os bens e servicios financiados con fondos públicos requirirán ser medidos polo cumprimento dos seus fins e non polos medios utilizados,
- O resultado debe predominar sobre os procedementos,
- A descentralización, a comodidade do cidadán, a eficacia e a eficiencia son, desta maneira paradigmas de obrigado cumprimento.

Estas reivindicacións comúns ós países da OCDE son igualmente reclamadas polos cidadáns en España desde un sentimento de frustración secular cara á burocracia e os seus patróns tradicionais de comportamento. Na actualidade a Administración central é a empresa máis importante de España e como consecuencia do desenvolvemento e consolidación do Estado das autonomías está sucedendo algo similar a autonómica e municipal. Polo tanto, e como eixe da xuntanza, ós convocantes e asistentes ó curso interesoulle-la "intelixencia" da Administración na forma de xestionar impostos e servicios, programas económicos ou sociais, plans de formación e recrutamento de funcionarios, etc. En definitiva todo aquilo que tiña que ver coa actuación da Administración pública actual e as súas tendencias de cambio.

Os dous días da xuntanza repartíronse en catro sesións temáticas que se estruturaron ó redor de catro liñas-eixe:

- "Eficacia e eficiencia na Administración pública",
- "Decisións políticas e racionalidade administrativa",
- "¿Cambiar, reinventar ou transforma-la Administración?",
- e, por último, "Da vontade política ... á esixencia cidadá".

Na primeira sesión, a conferencia inaugural da cal correu a cargo de Jorge Fernández Díaz (entón deputado por Barcelona do Partido Popular, e actualmente secretario de Estado de Administración territorial do Ministerio para as administracións públicas), falouse sobre a "Administración intelixente" ó servicio dun Estado intelixente.

Para Fernández Díaz intelixencia sería o darlle unha resposta adecuada ó cidadán, ante as súas demandas. Para o relatorio as transformacións do Estado remóntanse ós anos 60, con Schiller, ata chegar ó momento actual dominado pola incerteza, caracterizada polos seguintes trazos:

■ Crise do estado de benestar, novas formas de relación entre os poderes públicos e os cidadáns (unha Administración servicial que pervive baixo parámetros administrativos antigos), a dirección pública (superación do modelo burocrático, e participación público / privada), os procesos de descentralización (fin da tutela administrativa), e a inclusión das competencias de cooperación e coordinación, como elemento máis novidoso.

Para o autor o principio de cooperación recóllese na doutrina do Tribunal Constitucional e no Pacto autonómico asinado entre o PSOE e o PP o 28/11/1992 (acordo este asinado por Fernández Díaz, Ruiz Gallardón e Mariano Rajoy, por parte do PP).

Estes acordos autonómicos incluían:

■ Novos títulos competenciais (art. 150.2 CE),

■ e, o máis importante, o desenvolvemento do principio de cooperación e colaboración, que rexen as relacións interadministrativas.

O principio de cooperación, “implícito na esencia da organización territorial do Estado”, é un criterio informador entre o Estado e as comunidades autónomas (CCAA), que obriga a colaborar na consecución de obxectivos e do ben común, o que para o autor é indicador de “Administración intelixente”.

Ademais da transformación do Estado, non existe Administración intelixente sen un coñecemento da esencia do Estado autonómico, coas súas respectivas particularidades.

Entre as chamadas técnicas de xestión polo autor cítanse as “conferencias sectoriais” e o cómo se articulan:

■ LOAPA-LPA / LRXAE 30/92, Pacto autonómico con 17 centros políticos de poder (descentralización das CCAA), como xestores do orzamento, polo que se require diálogo e cooperación.

Segundo o autor para que produzan o efecto desexado estas conferencias deben ser institucionalizadas (ex. LOFCA - Consello de Política fiscal e financeira; Consello interterritorial da saúde -Ministro e 17 conselleiros da área-, etc.). Antes do Pacto autonómico existían 15 conferencias sectoriais, pero pouco efectivas, actualmente existen 20 institucionalizadas, con regulamento interno e con valor vinculante para as partes.

A simplificación administrativa inscríbese dentro dos novos tempos de cambio que vive a Administración pública, rexidos baixo o *principio de subsidiariedade* (recollido no Tratado de Unión Europea no art. 3B).

A mencionada simplificación administrativa busca, entre outras cousas:

- reduci-lo número de procedementos (en complexidade e número),
- reduci-lo número de impresos para a solicitude das prestacións,
- uso das novas tecnoloxías,
- e extinción do silencio positivo.

A simplificación administrativa responde á necesidade de dar lle resposta á crecente complexidade de leis e regulamentos, e en cumprimento do art. 103 da Constitución española (CE), ademais dunha Administración ó servizo do cidadán que comprende sobre todo a redución de órganos administrativos e a simplificación de niveis¹.

Neste sentido produciuse unha proposta discutida nas Cortes o 18 de xullo de 1995, a pedimento do ex-ministro para as administracións públicas, Sr. Joan Lerma denominada: Reforma da Administración central e periférica do Estado; que en certo modo respondía ós principios da proposta de Administración única e ó principio de subsidiariedade realizados por D. Manuel Fraga, que buscan:

- por un lado, unha lista de competencias claras e a súa definición,
- e por outro, uns mecanismos de redución de estruturas administrativas.

Como conclusión o Sr. Fernández Díaz comprometeuse a desenvolver ó máximo o esquema da Administración única proposto, ademais de levar adiante o desexado Pacto local e consolida-lo Pacto autonómico, se no seu día conseguía o referendo electoral, cuestión que viu cumprida e está sendo desenvolvida na actualidade como eixe do programa de goberno do Partido Popular.

A segunda conferencia estivo a cargo do prof. Sebastián Martín-Retortillo Baquer, catedrático da Universidade Complutense de Madrid e un dos grandes expertos españois en descentralización administrativa.

Para o relator os conceptos Administración e intelixencia son incompatibles.

O autor profundou nas reflexións sobre os procesos de re-

¹ Froito disto é a recente experiencia da Xunta de Galicia, explicada polo Conselleiro de Presidencia D. Dositeo Rodríguez Rodríguez nun relatorio posterior, na mesma xuntaza.

forma administrativa que se producen nos países occidentais, recordando que estes son movementos pendulares que varían os seus enunciados pero non as súas razóns. Estableceu ademais unha distinción conceptual entre reforma e modernización administrativa que xa foi revisada pola doutrina con anterioridade.

Para Martín-Retortillo os efectos da reforma administrativa duran pouco porque as súas medidas son *adxectivas* (*versus substantivas*), o que se constata nos escasos e deficientes resultados de tódalas reformas administrativas en tódolos países e tempos. Para ilustrar este razoamento o autor sinala dúas notas:

- o carácter político das reformas, que elude mellora-lo funcionamento da administración,

- e o que se trate de formalizar unha base de mítico afervoa-mento, sobre unhas "ideas forza", que consigan apoio social.

Nestas reformas só preocupa a súa rendibilidade política, por iso prodúcese:

- unha grande notoriedade ó control dos funcionarios e da atención ó público,

- e dáse pouco esforzo en facer unha boa lei de procedemento administrativo ou de financiamento.

Historicamente a temática da reforma administrativa vén do período de entreguerras, e apoiase en procedementos e formas de xestión propios da empresa privada. Na actualidade (anos 80 e 90) a reforma está de moda, e isto responde ás distintas iniciativas das reformas emprendidas en EEUU. (*New Performance Review*, Gore), Gran Bretaña. (Carta ós cidadáns), Suecia, Francia (Carta dos servicios públicos, Cassese, 1992), Parlamento europeo (Carta europea dos servicios públicos, Grupo parlamentario socialista), España (*Reflexiones para la Modernización de las Administraciones Públicas*, MAP), etc.

Sen embargo o autor reclama unha *reforma estrutural da Administración pública*, cun cambio do carácter servicial da mesma en resposta ó art. 103 CE.

Así mesmo Martín-Retortillo critica o concepto proposto para obxecto de debate "A Administración intelixente" e as súas diferentes aproximacións (administrado como cliente) xa que presenta dúbidas sobre onde queda o principio de legalidade.

Por todo isto o relator di que a súa aproximación á reforma administrativa de maneira efectiva só se pode facer actuando a través de *criterios ordenadores*, a través dunha serie de presupostos como son:

- contar cun bo ordenamento xurídico, xa que a Lei 30/92 non é satisfactoria para o autor,

■ necesidade de obter un clima de efectiva responsabilidade (ética pública e desempeño con responsabilidade),

■ e unha boa función pública (profesional) que teña como base a existente.

As tres liñas non se poden dar unha sen a outra, teñen necesariamente que ir xuntas.

Todo o anterior é importante, pero máis aínda coa actual crise da Administración e as institucións, que produciu unha dixeración da vida pública (deslexitimidade da acción pública). A isto hai que engadi-lo paulatino proceso de laboralización da función pública, dada a redución do alcance estatutario da CE.

Por todo isto o autor reclama unha *profesionalización*, pola politización que se está a vivir (libre designación, relacións de postos de traballo variables e a conveniencia, etc.), o que produciu un derrubamento do sistema de mérito e capacidade e a desmoralización do resto da función pública. Por outro lado, a rexeración das institucións só se pode alcanzar volvendo a vista a atrás, basicamente a través dunha reflexión ampla das posibilidades do funcionario, a *formación e a motivación continua*, e a *carreira administrativa "xusta"* (principio de mérito e capacidade).

Martín-Retortillo propón *once medidas para a mellora da Administración pública*:

- a. fixa-la amplitude que deba te-lo Estado, "visión dietética do Estado", non moito nin pouco senón o necesario (obxectiviza-lo público, non privatizar sempre),
- b. reforma da Administración institucional (sociedades estatutais), xa que nunca se cometeu,
- c. eludi-la aplicación do art. 6 da Lei xeral orzamentaria: empresas públicas como titulares de xestión pública,
- d. reordenación da Administración periférica do Estado, poñendo de relevo a súa constitucionalidade,
- e. Administración única, como un intento de racionalización administrativa, pero no sempre a prol das CCAA senón tamén dos entes locais,
- f. cambio de mentalidade na Administración pública: Administración orientada cara ó cidadán, e Administración de supervisión, dirección e control,
- g. revisión crítica das competencias ministeriais, cunhas unidades administrativas fixas e unhas secretarías de estado,
- h. necesidade de establece-la adecuación da capacidade investidora da Administración cunha serie de controis,
- i. necesidade de planificación interna da actuación administrativa (xestión da "caixa negra"),

I. imita-la capacidade dispositiva do BOE, polo constante cambio normativo,

II. e, último pero máis importante, que a "Administración intelixente" teña "sentido común".

A terceira conferencia foi a pronunciada por Ubaldo Nieto de Alba, conselleiro do Tribunal de Contas, que falou sobre o "Control interno do sector público. Da economía material á economía inmaterial".

O relatorio dividiuno en tres partes, cunha exposición e enfoque do tema, o cambio do material ó inmaterial, e a análise dos controis das organizacións para ver se son "intelixentes".

Para o Sr. Nieto de Alba no pasado a intelixencia na Administración asociábase cun acto instrumental, non como actividade creadora de información e dos fins. O *material* caracterizábase polo disciplinar e o *inmaterial* polo interdisciplinar en organización, xestión e control, e na "Administración intelixente" (ciencias políticas, economía, psicoloxía, socioloxía, etc.).

A. A *economía material* caracterizábase por:

- a función de produción (traballo + capital),
- e a función de xestión (poder).

Segundo o relator ó falla-los modelos de administración e control, ó longo dos anos pásase da Administración clásica (Fayol) á Administración por Obxectivos (ApO), que derivan no Orzamento por Programas (OpP), aínda que estas técnicas acaben fallando tamén.

¿Por que fallan os modelos de ApO e OpP?, entre as razóns destácase:

- a incidencia das estruturas xerárquicas e departamentais,
- as adaptacións ó cambio que se fan desde o pasado,
- e porque son organizacións de obxectivos múltiples (programas e obxectivos políticos).

Ademais de todo o anterior a xestión é burocrática, comandada, desmotivadora, cunha adversión natural ó risco, e nunha organización con tendencia cara ó conflito, considerándose o control como unha función residual burocrática, caracterizada pola énfase na letra da lei e nos detalles de procedemento (tafas repetitivas e contornos estables).

B. A *economía inmaterial* caracterízase por:

- motivación e produtividade,
- e consenso e colaboración.

Nesta economía predomina a comunicación, e o coñecemento decídese en función da información dispoñible, onde se substitúe a xeraquía por redes.

Para o relator na economía pública ou institucional prodúcese unha serie de características:

- elíxense as regras de xogo,
- baséase nun concepto de integración, tense en conta o poder e a negociación (máis fins que medios),
- é unha economía predictiva que anticipa as solucións,
- é unha economía da incerteza (busca os valores sociais e a súa mellora), o que leva á *creación ética* nun intento de identificar as posibles alternativas.

Por todo o anterior para o profesor Nieto de Alba o verdadeiro desafío é institucional non económico.

A partir de aquí o autor fai un desenvolvemento do que para el sería a verdadeira misión das "administracións intelixentes": *crear normas e regras de xogo, a través dunha xestión, organización e controis (GOC) intelixentes*. Para Nieto de Alba o GOC é unha pirámide, onde se distingue entre produción e provisión nas administracións co sentido de conseguir unha "Administración intelixente". Esta estrutura de pirámide das organizacións intelixentes confórmana a información, xestionando o cambio e baseándose na *responsabilidade* (interna / delegación; externa / solución ós problemas sociais sacando beneficio) e na *descenralización* (xestión da escaseza).

A nova clave das organizacións intelixentes é a *calidade*². A partir de aquí o autor explica o modelo formulado de GOC, na procura das organizacións intelixentes:

a. Xestión:

- Ademais da información e da calidade, a xestión intelixente baséase na intelixencia da información e das ideas,
- unha xestión participativa cun liderado participativo, cunha investigación continua, estudos interdisciplinares e formación con metodoloxía activa.

b. Control:

- Se á xestión pública actual se lle pode achaca-la falta de responsabilidade, o autor di que un control intelixente segue máis o espírito cá letra da lei e os procedementos, ademais de estimularlo compromiso e a responsabilidade.

c. Organización:

- O papel do control no ámbito das administracións públicas e no seu cambio cara a organizacións intelixentes formula a pregunta de qué tipo de organización se necesita.
- Nieto de Alba fala dun control externo, autónomo e independente á organización para todo o sector público:
- Actualmente existe un control interno: Intervención Xeral

² ¿Que é a calidade ou baixo que modelo de calidade?, esta é a pregunta que o relator deixa sen resolver e que se considera clave para falar de calidade. Así GALGANO y LINARES (1993:14) falan de calidade "prevista", "deseñada", "prometida", "prestada", "percibida", e "comparada". Por outro lado Bañón (BAÑÓN, Rafael, "La productividad y la calidad. ¿Respuestas de la Administración pública para la escasez y la incertidumbre?", en BAÑÓN (dir.) *La productividad y la calidad de la gestión pública*, Xunta de Galicia, EGAP, Santiago de Compostela, 1996, pp. 51-66) sinala que "los conceptos de cliente, producto, calidad o productividad tienen distinto significado en el sector público que en el privado" (BAÑÓN, 1996:62), ante o cal podemos albisar unha conceptualización diferente da calidade. Á súa vez Bovaird (BOVAIRD, Tony, "Los enfoques actuales para la evaluación del rendimiento en el sector público del Reino Unido:

do Estado, regulado polo Executivo e con funcións de intervención, financiamento e eficacia. Este sistema caracterizouse polo seu fracaso (non é un control intelixente porque depende demasiado do Executivo), polo que o autor pide a súa evolución cara á interrelación do GOC.

■ E un control externo: Tribunal de Contas, regulado polo Parlamento e que abrangue todo o sector público. Este modelo tamén fracasou porque non existen as responsabilidades políticas na xestión, polo que os informes do Tribunal de Contas non son operativos, aínda que pode propoñer modelos alternativos de xestión e control.

Como conclusión Nieto de Alba di que a GOC é intelixente pero que non conta cun contexto sociopolítico axeitado.

A cuarta e última conferencia da primeira sesión ("Eficacia e eficiencia na Administración pública"), correu a cargo de D. Manuel Núñez Pérez, (durante a xuntanza deputado por León do PP).

O relator comezou facendo alusión ó modelo de reforma administrativa de EEUU, a *New Performace Review* (Gore), como paradigma de cambio na Administración. Núñez di que é necesario un cambio:

■ a través dunha revisión do modelo burocrático tradicional (posgarantista), introducindo conceptos como o de calidade, innovación, racionalidade, etc., similares ós utilizados en EEUU e Gran Bretaña.

En España, segundo o autor, sería necesario e urxente eliminar os males que lles afectan ás administracións públicas, agudizados na última década (anos 80), polo que para isto o máis importante sería acometer a *reforma do modelo de Estado*. Así a través do resto da súa disertación, o Sr. Núñez falou da eficacia e da eficiencia dentro da "Administración intelixente", sinalando que xa desde Grecia e Roma, e ata os nosos días, se produce un debate entre os que desexan un incremento e un decremento do tamaño do Estado, a dialéctica entre as teses socialdemócratas e as liberais que conduciron ás sociedades desenvolvidas actuais á crises do modelo de benestar.

Isto conséntase, entre outros feitos, por que o Estado perde poder e protagonismo coa entrada na Unión Europea, a descentralización producida nas CCAA, as novas posicións adoptadas polos entes locais no contexto nacional, e o desenvolvemento da sociedade civil, porque o novo papel que lle correspondería desenvolver ó Estado é o de *dinamizador da sociedade*.

Dentro do concepto de Administración do Estado (como ocultamento de tódalas administracións públicas) prodúcense

¿Puro simbolismo, sistemas limitados de aprendizaje o los comienzos de la gestión de calidad total", en BANÓN (dir.), *La productividad y la calidad en la gestión pública*, Xunta de Galicia, EGAP, Santiago de Compostela, 1996, pp. 239-261), alude á definición de calidade como algo problemático, existindo distintas concepcións do que debe ser calidade: "calidad como atributo del bien o del servicio, aquello que lo convierte en algo distinto. Calidad como conformidad con una especificación técnica (Crosby). Calidad como adecuación al uso (Jurán: DTI). Calidad como capacidad para satisfacer las necesidades declaradas o latentes (BS 5700, ISO 9000). Calidad como capacidad para satisfacer o incluso exceder las expectativas de los clientes (Parasuraman). Calidad como consecución de una implicación emocional apasionada por parte del cliente en relación con el bien o servicio (Tribus)" (BOVAIRD, 1996:243).

unha serie de circunstancias sinaladas polo relator como clave para a reforma do modelo de Estado:

a. *Crise do sector público e a súa reforma*, xa que para o Sr. Núñez existe unha crise do sector público e un fracaso do Estado do benestar como Estado benfeitor.

Segundo Crozier a sociedade moderna demanda un Estado máis modesto, máis limitado e consciente das súas propias posibilidades (p. ex. en Suecia onde o modelo de axencias e a reprivatización de actividades acabou co Estado socialdemócrata).

En España, onde o gasto público é de 50 % de PIB, existe unha revisión destas formulacións de sobredimensionamento do Estado, onde ademais grande parte do gasto é producido en programas sociais e asistenciais. Non se pide, segundo o autor, a redución senón a súa reasignación, con criterios de eficacia, para quen realmente o necesite, así se poderían establecer programas de prestación de servicios e actividades pero con cargo ós particulares non ó Estado.

b. *Competencias do Estado en relación coa Unión Europea*, polo que respecta á Unión Europea o Estado perdeu o seu papel referencial para as empresas do sector público, xa que existen directivas expresas que limitan o financiamento con diñeiro público das mesmas (Libro blanco de Delors). Isto produciu un clamor sobre a redución do papel do sector público, favorecido, entre outras razóns, polo incremento da competitividade internacional (Europa e os "tigres asiáticos").

c. *A realidade do Estado autonómico* (Título VIII da CE de 1978) regula o acceso á autonomía a través das leis de base e de desenvolvemento. Actualmente é un modelo incompleto de ampla descentralización política e administrativa. O modelo debería conducir cara a unha redefinición do Estado central, o que actualmente produce unha triplicación de administracións e un ocultamento de estruturas administrativas (para o que se atopa solución no esquema teórico da Administración única).

Manuel Núñez realiza unha valoración do tamaño das administracións públicas (tres administracións –central, periférica e local–, Seguridade Social e empresas públicas) do noso país ó redor de tres variables (período de 1982-1994):

- actuar sobre o número de funcionarios e empregados públicos, co fin de reduci-lo sobredimensionamento (profesionalización, mobilidade xeográfica, etc.),
- pese á descentralización produciuse un incremento dos centros directivos e os altos cargos,
- actualmente hai un alto número de organismos públicos

baleiros de contido polo proceso de descentralización e o Estado autonómico.

d. Por último, a *privatización de empresas públicas* foi un tema que o relator deixou de tratar por causa do tempo dispoñible.

Como *conclusión principal o relator reclama unha urxente remodelación das administracións públicas*, baseada no art. 103 da CE, o que reforza a idea de:

- neutralidade política que se reclama para a Administración, ademais da neutralidade administrativa, unha función pública profesionalizada (principios de mérito e capacidade) e un estatuto para a función pública.

Ademais disto hai que *remodela-la organización administrativa* (art. 29 LPA), para favorece-lo dinamismo e a competitividade da Administración, actuando en dous ámbitos:

- interno, fixa-las súas posicións ante o interior e exterior,
- externo, integración no mercado europeo, con libre competencia e baixo o principio de subsidiariedade.

Actuar sobre o redimensionamento da organización, levaría á práctica de organizacións flexibles, descentralizadas, con funcións executivas, o que supoñería un reordenamento previo da Administración periférica do Estado, unha simplificación administrativa, etc.

Dentro dos aspectos técnicos do cambio, o Sr. Núñez, pensa que habería que establecer:

- un deseño por áreas a través dunha Dirección por Obxectivos (DpO), co obxecto de ser máis eficientes,
- privatiza-los actos da Administración, cunha apertura de tódalas fórmulas públicas e privadas co fin de satisfacer ó cidadán,
- e por último, no campo funcional, democratiza-la Administración, facilita-lo acceso dos cidadáns á información, e unha participación activa no proceso de toma de decisións.

A segunda sesión levaba por título "Decisións políticas e racionalidade administrativa", e contou con tres relatores ó longo da tarde. O primeiro deles foi D. José Barea Tejeiro, catedrático da Universidade autónoma de Madrid (e actual xefe de Gabinete da Oficina Orzamentaria da Moncloa, dependente do actual presidente do Goberno, Sr. Aznar), quen situou a "Administración para o século XXI".

O autor estruturou a conferencia ó redor das seguintes liñas:

- fundamentación teórica do desenvolvemento do sector público, para a que realiza os seguintes temas:

- a. unha Administración non preocupada pola eficiencia,

- b. un novo modelo de Administración pública,
- c. unha nova organización,
- d. un moderno sistema de dirección pública,
- e. o control ó servicio da xestión,
- d. e a xestión de recursos humanos.

Para trata-la problemática do desenvolvemento do sector público o Sr. Baera Tejeiro fixo un repaso dos cambios estruturais que considera necesarios para a transformación do sector, entre eles figuran:

- a economía de benestar desenvolveuse para corrixi-los fallos do mercado e unha distribución da renda desigual, o que provoca a intervención directa do Estado,
- a teoría keinesiana busca estabiliza-la demanda para crear pleno emprego,
- todo isto xunto co sobredimensionamento do Estado produce o que dos fallos do mercado se pase ós fallos do sector público,
- por isto cómpre *avalia-las políticas públicas*,
- polo que hai que *revisa-lo marco conceptual destas políticas*, que é o que realiza o autor.

a. Barea di que a Administración pública non está preocupada pola eficiencia, o está polo proceso non polo produto, e isto segue así pese ó incremento do gasto público (1960 - 16,5% PIB; 1993 - 50% PIB).

Todo este esquema de gasto se basea na escola clásica da economía (gasto público = gasto improductivo), polo que a preocupación pola eficiencia en España se dá a partir dos anos 70, establecéndose unha metodoloxía propia do proceso de toma de decisións. Así a Lei xeral de orzamentos 4/1977 acolleu por primeira vez os principios de eficacia e eficiencia, con tres fases dentro dun sistema integrado de xestión de asignación de recursos, dirección por obxectivos e control de resultados. O sistema tivo o seu fallo na xestión pública e na aplicación do Orzamento por Programas (OpP) e obxectivos, xa que non se estableceran indicadores. Coa entrada en vigor da Constitución de 1978, a esta lei engadíronselle-los artigos 103.1 e 31.2 que falan da eficacia e da eficiencia.

b. Dentro do novo modelo de Administración pública formulado polo autor, o básico é o establecemento dun novo paradigma en que basea-lo cambio, xustificando por:

- a separación das funcións de regulación das de produción, o que supón establecer distinción entre a provisión (financiamento) e produción,

■ ademais atopámonos co incremento da débeda pública, que triplicou en 20 anos.

c. Polo tanto, as bases sobre as cales se asenta o novo modelo de organización para o prof. Barea son:

■ unha nova organización, un moderno sistema de xestión, un control ó servicio de la xestión, etc.

Esta nova organización para a Administración pública basearíase no método de "falar do xato e esquece-lo trato"³, non só na aplicación estricita e aséptica da norma, procurando a experiencia doutras actividades que se desenvolveron na organización e que produciron un cambio: separar provisión de produción, o máis eficiente é o que se debe encargar do servicio ("public choice", custos ó usuario), crear unidades descentralizadas para a prestación de servicio ("centros de responsabilidade", segundo o modelo de axencias de Gran Bretaña, ou o dos "centros xestores" de Barcelona)⁴.

d. Polo que respecta ó moderno sistema de dirección pública basearíase na dirección da xestión dos servicios públicos (dentro de produción, "centros de responsabilidade")⁵, aínda que para todo isto se terían que producir algúns cambios máis na concepción desta Administración pública:

■ do modelo weberiano á dirección estratéxica (con control de resultados),

■ implanta-la dirección estratéxica por obxectivos, como sistema integrado de xestión das administracións públicas.

Estes sistemas de xestión levaríanse a cabo nas seguintes etapas de planificación, xestión e control:

■ *planificación*, que se elabora para a toma de decisións no nivel central e na que haberá que establecer obxectivos parciais,

■ *xestión*, cun modelo de xerentes con autonomía, nunha nova cultura e procesos de toma de decisións,

■ *control*, de acordo coa organización deseñada e consonte uns indicadores que se configuran como elementos clave desta fase⁶, polo que o autor entende que se debería manter o control da intervención xeral operativa (auditoría operativa ou de xestión).

En definitiva a base de todo este proceso de cambio nas administracións públicas estaría no control de eficiencia non de legalidade.

A segunda conferencia da segunda sesión, estivo a cargo de D. Mariano Baena del Alcázar, maxistrado do Tribunal Supremo, que disertou sobre "A decisión política e a eficacia administrativa: criterios".

³ CHARLES E. LINDBLOM, "A ciencia de `Saír do paso', *Public Administration Review*, n.º. XXXIX, 1959, páxs. 3417-336

⁴ LONGO, Francisco, "Una experiencia de cambio organizativo: los centros gestores del Ayuntamiento de Barcelona", *Jornadas para la modernización de las Administraciones públicas*, MAP-INAP, Madrid, 1991, Páxs. 191-210).

⁵ R. LAUFFER e A. BURLAUD, *Dirección Pública: Gestión y Legitimidad*, MAP-INAP, Madrid, 1989.

Estes criterios foron establecidos desde a ciencia da Administración, nun intento de delimita-la eficacia. A súa intervención desenvolveuna ó redor de cinco puntos básicos:

- a. o encadramento das demandas de eficacia e eficiencia na modernización administrativa,
- b. as diferentes funcións que cumpre a Administración,
- c. a relación entre a decisión política e o papel da Administración para a execución da decisión,
- d. os factores administrativos para manexar,
- e. e a obtención de parámetros para conseguila eficacia na función cooperativa (prestación de bens e servicios a particulares).

a. Basicamente e en relación coa reforma e modernización da Administración pódense establecer tres consecuencias:

- fracaso da reforma legislativa,
- nos 80 cambio de cultura da Administración (ciudadán como cliente),
- nos 90 modernización administrativa (como algo diferente de reforma).

Segundo Baena del Alcázar a "Administración intelixente" debe xuntar esforzos no logro dos obxectivos de modernización xa que o cambio en Administración pública non se xustifica por si mesmo, non sendo un fin senón un medio para conseguir algo (p.ex. mellora dos servicios), lexitimándose polos seus resultados e eficacia.

b. Polo que respecta ás funcións, o autor fala da individualización das funcións administrativas (como tarefas básicas de actividade da Administración dentro das políticas públicas), todo isto coa sociedade como referente. *O modelo de funcións administrativas é heteroxéneo*, e contén catro básicas:

- función de apoio á decisión política, como o asesoramento por parte de altos cargos da Administración, viabilidade da medida para prover recursos (típica función actual).
- función de regulación e control, aprobación dunha norma que debe ser cumprida polos particulares (producción de regulamentos e actos administrativos).
- función operativa, prestación de bens e servicios ós cidadáns (é respecto desta función desde as que se presentan as demandas de eficacia e eficiencia variando segundo o procedemento de control).
- función de mantemento, sería a realización das tres fases anteriores e a garantía do seu cumprimento.

⁶ M^a LUISA SETIEN, *Indicadores sociales de calidad de vida. Un sistema de medición aplicado al País Vasco*, Centro de Investigaciones Sociolóxicas (CIS), Madrid, 1993.

⁷ De aí a utilidade do uso do enfoque das relacións intergubernamentais (RIGs) (*Vid.*, nota 22), como unha alternativa de estudio á complexidade político-administrativa, e dentro das fases formulación, implementación e avaliación de políticas públicas. Para un aprofundamento no problema ve-los traballos de:

ANDERSON WILLIAM, *Intergovernmental Relations in Review*, University of Minnesota Press, Minneapolis, 1960.

ROSE, RICHARD, *Understanding Big Government*, SAGE, Londres, 1984.

WRIGHT, DIEL S., "Managing the Intergovernmental scene" en William Eddy, ed. *The Handbook of organization management*, Marcel Dekker, Nova York, 1984.

RHODES, R.A.W., "Intergovernmental relations in the United Kingdom", en Yves Mény and Vincent Wright eds., *Centre Periphery Relations in Western Europe*, George Allen and Unwin, Londres, 1985.

Estas catro actividades son distintas e danse en catro zonas distintas da Administración, aínda que están intimamente relacionadas entre si e non se poden desligar unhas das outras.

c. O terceiro aspecto é o administrativo das políticas públicas. Del fíxose unha aproximación desde a ciencia política, pero non desde a ciencia da Administración. A diferenza, segundo Baena del Alcázar, é que se as políticas públicas son decisións políticas conformadoras que van acompañadas das medidas administrativas axeitadas para a súa execución, o aspecto tradicionalmente acometido é o político (decisión), mentres que o da Administración (execución) non.

Por isto, pola implementación e execución das políticas públicas, o autor:

- identifica as funcións administrativas anteriormente expostas, coas fases das políticas públicas,
- e ademais estudia a Administración na práctica (entre a decisión prescritiva –norma– e a prestación de servicios).

As fases das políticas públicas segundo Baena del Alcázar serían:

- formulación da decisión, enfoque sistémico e pluralidade de autores, onde se dá unha relación entre políticos e altos funcionarios, polo que no momento da decisión se condiciona a acción⁷.
- Implementación da decisión, asignación de recursos, loita polos recursos.
- Execución da decisión, onde habería que establecer como deberían funcionar as unidades do sector público que prestan bens e servicios⁸.
- Avaliación, tendo en conta os recursos asignados⁹.

Para todo isto, e para unha viabilidade final e efectiva da política, sería básico o manexo da información e dos recursos asignados. Polo tanto a "Administración intelixente" sería aquela que lles dá un trato distinto ás funcións administrativas e ás fases das políticas públicas.

d. O modelo de factores administrativos para manexar, que citou o relator ó comezo da conferencia, destaca por unha serie de características básicas que teñen que estar intimamente relacionados entre si:

- o deseño da organización¹⁰, os recursos humanos, a administración e xestión do orzamento e o financiamento, os procedementos de xestión, e a obtención, circulación e tratamento da información, tanto interna como externa.

AGRANOFF, ROBERT, "Managing intergovernmental Processes", en James L. Perry ed. *Handbook of Public Administration*, Jossey-Bass, San Francisco, 1989.

ARENILLA, M; LOUGHLIN, J., TOONEN, T. (eds.), *La Europa de las Regiones. Una perspectiva intergubernamental*, Universidade de Granada, Granada, 1994.

⁸ SUBIRATS, J., *Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración*, MAP-INAP, Madrid, 1989, páxs. 125-138.

⁹ WILDAWSKY, AARON, "The Self-Evaluation Organization", *Public Administration Review*, vol. 32, páxs. 509-520, afonda na autoavaliación ou avaliación interna de cada organización, como elemento clave para a mellora e desenvolvemento da organización. Para el a autoavaliación ten as seguintes vantaxes e características con relación á avaliación externa:

■ mellor prezo, calidade, cantidade, mantemento, experiencia, valores e talento. (páx. 465).

¹⁰ Para BAENA isto pertence ó ámbito da socioloxía e non ó da teoría da organización, como disciplina da ciencia da Administración.

e. Por último, a obtención de parámetros para a aplicación eficaz do modelo dos factores, ten a súa xustificación na produción de bens e prestación de servizos en condicións para unha xestión eficaz, para isto debe producirse:

- unha asignación correcta de recursos: xestión por unidades operativas,
- unha aplicación do modelo de factores administrativos na execución: recorrer máis ó mercado e os seus factores de xestión e á competencia.

Como conclusión o autor cre que existe a "Administración intelixente" cando se dá que:

- a eficacia da Administración operativa leva á prestación adecuada dos bens e servizos, e onde esta se pode comparar co ámbito privado,
- e recórrese a ámbitos de competencia e de mercado.

A conferencia de Suzanne Dove, coordinadora da Área de América Latina ESADE, terceira e última da segunda sesión, tratou sobre un caso práctico e exemplo de decisións de políticas públicas e racionalidade administrativa: o "Barcelona Governance Project". Este proxecto estano a desenvolver na actualidade a Generalitat de Cataluña e Esade, baixo a dirección do prof. Joan Prats.

A base do proxecto está en pensar qué hai que facer no sector público para que funcione de forma máis eficaz, e o enfoque utilizado para averigualo é multidisciplinar e multinacional (enfoque comparado).

A conferencia estivo artellada ó redor das preguntas suscitadas ante a formulación do proxecto, co fin de chegar a unha serie de conclusións que lle facilitasen a resposta á problemática do sector público. O básico do tema estaría en enfocar esas preguntas desde un novo paradigma: INSTITUCIÓN¹¹ versus ORGANIZACIÓN. As preguntas máis significativas serían as seguintes:

- ¿Por que se necesita unha nova forma de entender o sector público?, porque segundo a relatora na Administración pública se está producindo a fin do legalismo estricto (Crozier), e un inicio das técnicas do sector privado. Incídese na gobernabilidade, como un motor de desenvolvemento ou cambio institucional máis que na Administración e o procedemento administrativo¹².
- ¿Cal é a diferenza entre unha orde institucional e unha orde organizativa?, o institucional implica unha entidade abstracta (a familia), e o organizativo son regras concretas (a miña familia).

¹¹ Sobre o tema das institucións ou o institucionalismo ver: NORTH, DOUGLAS C., *Instituciones, cambio institucional y desempeño económico*, FCE, Cambridge University Press, México, 1990.

SHUIHI YAN TANG, *Institutions and Collective Action. Self-Governance in Irrigation*. ICS. San Francisco. California, 1992.

¹² Algúns dos novos enfoques no modo de entender a Administración, e como unha alternativa ós estudos que se realizan desde o enfoque unívoco do dereito administrativo, recóllense sobre todo a través da teoría da ciencia política norteamericana, entre eles merecen destacarse pola súa orixinalidade e fondura:

W. BJUR, "Reingeniería o Reinvención: ¿Remodelando el paradigma de la Administración?", en W. BJUR e G. CARAVANTES, *Reingeniería o Readministración: De lo Útil a lo Futil en los procesos de cambio*. AGE. Porto Alegre, 1994.

DEIL S. WRIGHT, *Understanding Intergovernmental Relations*, 3ª edc., Pacific Grove, CA: Brooks/Cole Publishing, 1988.

■ Os elementos fundamentais para iniciar un cambio institucional son:

■ liderado, baseado no "reengineering",

■ e o "entrepreneurship", baseado no "reinventing government".

Todo o anterior, e como conclusión, levaría a un goberno de colaboración entre líderes emprendedores, o que facilitaría a implementación e globalización de políticas.

A primeira das conferencias da segunda sesión, "¿Cambiar, reinventar ou transforma-la Administración?", correu a cargo de D. Dositeo Rodríguez Rodríguez, Conselleiro da Presidencia da Xunta de Galicia, que disertou sobre a "Reforma administrativa en Galicia".

O relator estruturou o seu relatorio ó redor de dous eixes:

■ as transformacións do Estado e da sociedade,

■ e o cambio da Administración pública tradicional á actual (posburocrática ou posgarantista), que é a Administración pública do Estado do benestar, baseada na expansión dos servizos públicos, a promoción económica, a equidade e a solidariedade social. Nos anos 80 este modelo entra nunha crise financeira (pola crise do petróleo) o que provoca unha crise orzamentaria e un reaxuste do modelo das economías europeas.

Ante a crise do modelo anterior dáse un novo modelo de Administración proposto polo conselleiro, baseado en:

■ un equilibrio entre a solidariedade e a redución do déficit, unha redución do peso da débeda pública, e a adopción de novas funcións pola Administración. Dentro disto deben darse necesariamente as seguintes condicións:

■ apoio ó sector productivo (como acción de fomento), solidariedade social, policía administrativa e prestación de servizos públicos básicos.

Polo que respecta á función pública autonómica, clave no proceso de reforma administrativa da Xunta de Galicia iniciado en 1990, o relator sinalou como prioridades:

■ os límites de autoorganización desta (normativa básica estatal),

■ e os obxectivos estratéxicos, entre os que sinala a informática, a revisión dos procedementos e a procura do cidadán como cliente.

En síntese desde a Xunta vese a Administración como unha organización adaptada ós cambios e demandas sociais, e ó modelo de organización privada. Polo tanto, unha "Administración

intelixente" é unha organización adaptada e anticipada ó cambio social. Para o conselleiro o termo "Administración intelixente" é demasiado amplo polo que o habería que restrinxir e ir cara a unha "racionalidade limitada e substantiva"¹³ (versus ilimitada e instrumental)

Entre as características da función pública, D. Dositeo Rodríguez expón o seu modelo ideal:

- profesionalidade, capacidade de utilización das novas técnicas de xestión, e que responda ós obxectivos de eficacia (como capacidade de realiza-los obxectivos propostos) e de eficiencia (logralo no menor tempo posible e cos mínimos recursos)¹⁴.

Para articular esta función pública o autor propón unha serie de medidas:

- potencia-lo papel da Inspección Xeral de Servicios da Xunta de Galicia,
- fomenta-la dirección por obxectivos (DpO) como método de planificación do traballo (paso previo á avaliación do rendemento, art. 63 bis da Lei 3/95),
- reestructuración orgánica da Administración (plans de emprego, art. 27.6 e 29 da Lei 3/95),
- consolidación do Sistema de Xestión de Procedemento Administrativo (SGPA)¹⁵, como punta de lanza tecnolóxica da Administración e co obxectivo de logra-la simplificación administrativa,
- e, por último, a refundición normativa.

Sinalar que a formación do persoal se configura como o elemento clave da reforma administrativa galega, onde, segundo o Conselleiro, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), xoga un papel esencial tanto para os funcionarios de novo ingreso como para a reciclaxe e a asunción de novas técnicas por parte dos "veteranos". Ademais o outro elemento clave é a información ó cidadán, reafirmando o modelo de cidadán como cliente.

Como conclusión o relator sinala que este novo modelo de Administración responde ás demandas sociais, ten unha estrutura flexible e conta cun estímulo que responde a un novo modelo redistributivo, e de redefinición da libre designación nos procesos de entrada do público á función pública.

A segunda conferencia da terceira sesión correspondeulle a D. Carlos Losada, secretario xeral da Función Pública da Generalitat de Cataluña, que fixo unha serie de "Reflexións sobre a transformación da Administración en Cataluña".

O punto de vista do relator centrouse nos aspectos concep-

¹³ O termo "racionalidade limitada" é utilizado por CH. LINDBLOM, seguindo a H. SIMON, cando sinala que "Ciertamente la literatura es consciente de las capacidades limitadas del hombre y de que es inevitable abordar las políticas con un estilo semejante al segundo, pero los intentos por formalizar la formulación racional de las políticas, esto es, por señalar de manera explícita, cuáles son los pasos a seguir en el proceso, usualmente se hace referencia al primer enfoque y no al segundo" (páxs. 203-204), cando fala do primeiro enfoque refírese ó método de "falar do xato e esquece-lo trato", e cando fala do segundo ó método de "ir á raíz", en discusión desde 1959 nos círculos de ciencia política e políticas públicas (LINDBLOM, CH. "La ciencia de salir del paso", en *El estudio de las políticas públicas, Antologías de Política Pública 1*, México, M.A. Porrúa, 1992, páxs. 201-225). O termo "racionalidade substantiva" é empregado por GUERREIRO RAMOS nun sentido sociotécnico, referido á construción dunha teoría administrativa e a unha Administración pública baseada no coñecemento e no desenvolvemento dos seus recursos humanos, non só na implantación de técnicas e tecnoloxías correctoras da organización (GUERREIRO RAMOS, ALBERTO, *The New Science of Organizations*, Toronto Press, Toronto, 1981).

¹⁴ Ós principios de eficiencia e eficacia, e no sentido de soli-

tuais das reformas, dos cambios en xeral, subliñando as catro variables que definen o seu modelo conceptual e que posteriormente explica:

■ ademais de necesitarse *presión* para o cambio (non só vontade política), necesítase visión previa de a ónde se quere chegar, unha *estratexia* de cambio e *cómo realizalo*.

a. Presión, seguindo a máxima de que para salva-lo Estado do benestar hai que recortalo (OCDE), a presión vén dada polo crecemento do sector público, os acordos de Maastricht, e a universalización dos servicios (incremento da débeda pública e déficit).

Esta presión xerará un cambio que os directores públicos deberán asumir e xestionar. Este proceso vén dado en España polas transferencias cedidas polo Estado central ás CCAA, proceso complexo e inconcluso. A chamada "Administración necesaria" reclama unha definición clara dos contidos, con base sobre todo nestas coordenadas:

■ como deber constitucional (art. 103 CE),

■ e por un cambio político, e administrativo xa que a Administración é afín a el.

b. A visión de futuro da Administración identifícase cun programa político concreto, así por exemplo, a experiencia catalana de 1992 permitiu establecer 53 puntos de atención que se poderían converter en políticas públicas, estes agrupáronse en seis liñas eixes:

■ favorecer un país competitivo economicamente (na potenciación de políticas sectoriais, mellora das relacións empresas-Generalitat, e eliminación do déficit),

■ favorece-lo sentido comunitario da sociedade (estimular os valores de solidariedade e autorealización da sociedade),

■ identidade como país¹⁶ (que a Administración afonde na súa capacidade de autogoberno),

■ proxecta-lo país cara ó exterior (España e Europa, con relación a outras administracións públicas e a busca de novos mercados),

■ busca da calidade de vida¹⁷ (dotar de máis valor as accións públicas),

■ e equilibrio territorial (coordinación territorial, participación local, desconcentración e descentralización).

Todo isto obriga a Administración pública a dar respostas concretas.

c. Entre as estratexias de cambio o autor prefire senta-las bases dos cambios, non de realizar unha gran reforma, a través de:

dariedade apuntado polo Conselleiro, hai que sinala-lo principio de efectividade mencionado por GERALDO CARAVANTES citando a PAULO R. MOTTA: "La efectividad administrativa va más allá del concepto de eficacia, que se restringe a objetivos organizativos temporales. Efectividad se refiere a objetivos más amplios de equidad y desarrollo económico-social". CARAVANTES, Geraldo, *Administración por Objetivos: Uma abordagem sócio-técnica. Fundação para o Desenvolvimento de Recursos Humanos*, Porto Alegre, 1984. 3ª Edición. páx. 194.

¹⁵ En relación co Sistema de Xestión de Procedemento Administrativo (SGPA), realicei un pequeno estudo sobre a avaliación do proceso de implantación do SGPA onde se poñen de manifesto as características no seu proceso de implementación (1990-1995), así como a avaliación do mesmo na actualidade, Varela Álvarez, Enrique J., *Calidad y productividad en las Administraciones Públicas. El SGPA en el modelo de reforma administrativa de la Xunta de Galicia*, (no prelo).

¹⁶ Ve-lo libro de D. Manuel Fraga Iribarne, Fraga Iribarne, Manuel, *Da acción ó pensamento*, Ed. IRINDO, Vigo, 1993, onde se poñen de manifesto as discusións conceptuais en torno ó concepto de autoidentificación.

¹⁷ Iniciativas similares establecéronse no País Vasco a través dos estudos de M^a Luisa Setién sobre indicadores de calidade de vida (ver nota 6).

- actuar sobre os sistemas de asignación de recursos,
- reforza-los sistemas de control (identifica-los obxectivos, con control de custos e medindo resultados: indicadores de xestión, impacto e resultados), actuar sobre a estrutura organizativa (unidades descentralizadas¹⁸),
- por último, adecua-los recursos humanos ás necesidades.

d. O cómo realiza-lo cambio preséntase como o aspecto máis complexo, pero o autor circunscribe a:

- un liderado político forte,
- darlles protagonismo no proceso ós directores xerais,
- crear estímulos e incentivos (ademais de exercer-la presión para o cambio), tales como a autonomía de xestión, etc.,
- establecer unha constante comunicación con tódolos afectados,
- hai que empezar cos pequenos pasos¹⁹, que favorezan a confianza na organización.

A terceira conferencia da penúltima sesión desenvolveuna D. José Emilio Cervera, director asociado de goberno e servicios de Andersen Consulting, que falou sobre "A era da insensatez".

A explicación do relatorio estivo articulada en torno a unha serie ideas clave, co fío argumental da *Ola de la Información* de Alvin Toffler. Para o relator o cambio actual estaría baseado na denominada "triada crecente":

- o programa político, que é igual que transforma-la Administración,
- transformar tanto a organización como a institución,
- ten ademais que ser unha transformación dirixida por un forte liderado político, nun man a man dos expertos (con coñecemento multidisciplinar) e os funcionarios.

Estes "aires de transformación" vense nas reformas emprendidas nos países occidentais nos últimos anos, nas técnicas utilizadas (DpO, TQM, servicio ó cliente, recompensas, benchmarking, etc.), e nas iniciativas políticas emprendidas. Para facer operativos os conceptos o relator alude á palabra "desinventar"²⁰, para a cal define as fórmulas políticas para desenvolver (privatizacións, políticas orzamentarias restrictivas, desregularización do sector público, subsidiariedade, etc.), pero non a palabra en si mesma.

As teses sostidas polo autor camiñan cara á dialéctica que se veu conformando nos anos 80 en canto á reforma da Administración pública, que se articula en torno á dicotomía: o posible e o necesario²¹. Estes últimos supostos basearíanse principal-

¹⁸ Na base desta proposta están os diferentes documentos que aparecen no Estatuto do cidadán británico, co fin de chegar de forma descentralizada ós cidadáns na mellor situación posible (The Citizen's Charter, 1991; Competing for Quality: buying better public services, 1991; The Citizen's Charter First Report, 1992).

¹⁹ Ó estilo dos *next steps* de Gran Bretaña nos anos 80. Para a revisión deste concepto e as reformas dos servicios públicos existe unha numerosa bibliografía oficial e numerosa documentación no ámbito académico, entre eles: *Efficiency an Effectiveness in the Civil Service*, 1982; *Improving Management in Government: the Next Steps*, 1988; *Making the Most of Next Steps. Efficiency Unit Report to the Prime Minister*, 1991; *Setting up Next Steps: a short account of the origins, launch and implementation of the Next Steps Project in the British Civil Service*, 1991.

²⁰ A utilización da palabra "desinventar" emprégase como complemento á de "reinventar", en alusión ó "reinventing" de OSBORNE & GAEBLER.

²¹ Ante esta dicotomía existen varias posturas, a citada polo relator aludindo a JACQUES CHIRAC, que pensa que hai que facer non só o posible senón o necesario, e a de OSBORNE & GAEBLER, que recoñecen a insuficiencia dos cambios graduais ("A Administración non pode ser reflatada cunha man de pintura"), e outros autores que sosteñen que as reformas deben ser paulatinas e coa fórmula dos pequenos pasos en alusión ós efectos de reformas posteriores, como LINBLOM (1959), BAÑON (1993), BJUR & CARAVANTES (1995).

mente na utilización da tecnoloxía máis innovadora para a realización dos seus fins.

Para o autor a necesidade da transformación prodúcese por unha circunstancia que a obriga, como son a demanda de medidas de eficacia e eficiencia por parte do cidadán para o que se reclaman:

- un liderado político profesionalizado,
- a integración internacional e a coordinación entre os poderes do Estado²²,
- e a transformación do corpo legal, con procedementos de reforma normativa.

A partir do anterior o Sr. Cervera puxo sobre a mesa unha serie de cuestións que á luz do discurso presentan a discusión, entre elas sobresaen dúas:

- ¿está disposto o cidadán a correr un risco de falta de legalidade por un mellor servicio?²³,
- onde se sitúan os problemas derivados da coordinación administrativa?²⁴.

A transformación que propón ANDERSEN CONSULTING, a través dun dos seus directores, non se sitúa na mellora (de funcións), nin na reenxeñería (de procesos), senón no *cambio institucional* (reposicionamento estratéxico entre produción e provisión). Esta transformación requiriría unha serie de esixencias, como que esta sexa:

- equilibrada, medindo o risco político e a velocidade de alcance,
- harmónica, cun liderado claro e unha dirección e funcionamento participativo,
- visible, combinación con accións a curto e medio prazo e coa complicidade social,
- e integrada, con vitalidade e conectividade entre as distintas administracións públicas e entre estas e os cidadáns.

O ámbito da transformación sería basicamente o da organización e as dimensións para analizar:

- os recursos humanos, (con procesos de mellora continua e o compromiso dos funcionarios), os servicios (a través de procesos de atención ó cidadán-cliente) e as finanzas (a través de técnicas como a dirección por obxectivos)²⁵.

Como conclusión José Emilio Cervera sinala o que el considera a "triada minguante", en oposición á "triada crecente" coa que comezou a exposición:

- o poder político, polo aumento da conflictividade ante os procesos de descentralización iniciados,

²² Ámbolos dous aspectos dan lugar a unha serie de relacións que configuran un "novo" marco de desenvolvemento político-administrativo, estas son as chamadas "relacións intergubernamentais" (RIGs) definidas como "un continxente de actividades ou interaccións que teñen lugar entre unidades de goberno de todo tipo e nivel territorial de actuación", WILLIAM ANDERSON (1960:3).

²³ Isto entronca cos procesos de descentralización administrativa iniciada co Estado das autonomías de 1978, e cos dilemas, entre outros de "eficacia e democracia" (BAÑON) e "ética pública" (RODRÍGUEZ-ARANA MUÑOZ).

²⁴ Para aprehende-lo concepto desde unha serie de perspectivas actuais pódese citar a OSTROM (1985) e o seu "goberno multiorganizativo", que alude a aproximación, máis no plano político-administrativo que o legal, dos sistemas unitarios e os federais. Isto débese principalmente ás múltiples estruturas de adopción de decisións que implica o exercicio da autoridade.

²⁵ No caso das variables das RIGs considéranse entre outras as políticas públicas, as finanzas, os recursos humanos e o sistema de partidos (AGRANOFF, 1993).

- os recursos económicos, producido polas restriccións orzamentarias e o incremento da débeda,

- e as ideas, que el considera "promesas imposibles e letais".

A última conferencia da terceira sesión correu a cargo de D. Manuel Jiménez de Parga, maxistrado do Tribunal Constitucional, que falou sobre "A Administración na era da televisión".

Basicamente para o prof. Jiménez de Parga "Administración intelixente" é a que se organiza e funciona con sentido da realidade, en alusión a Zubiri; e este sentido da realidade na actualidade non é outro que o mundo dos "media", concretamente a televisión²⁶.

Xunto coa televisión, como factor configurador do mundo político-administrativo actual, están a prensa e a informática (un en baixa e outro en alza), o que axuda a configurar unha orde nova de relacións entre o Parlamento e o Poder Executivo, xa que os segundos posúen os medios e técnicas informáticas necesarios e os primeiros menos.

Para concluír, o prof. Jiménez de Parga di que existen dous planos de discurso:

- o teórico, que establece unha defensa do cidadán e a sociedade civil ante a Administración,

- e o práctico, que se dá coa intromisión das administracións públicas a través dos medios informáticos, na esfera privada.

A través destes planos o relator reafirmase no sentido da realidade proposto inicialmente, co obxecto de tomar conciencia da situación e actuar sobre ela.

A cuarta e última sesión "Da vontade política ... á esixencia cidadá", consistiu en dúas conferencias que pronunciaron os responsables de senllas administracións públicas diferentes en canto ás súas formulacións ideolóxicas. Por un lado o Sr. Fernando López Amor (no momento do encontro Concelleiro de Economía, Empresas e Comercio do Concello de Madrid), e por outro o Sr. Luis Planas Puchades, conselleiro de Presidencia da Xunta de Andalucía.

O primeiro deles, Fernando López Amor, estruturou a súa conferencia en torno á xestión que o Concello de Madrid veu realizando desde 1991, ademais de aludir ó desenvolvemento autonómico e ó proceso de transferencia de competencias (compartidas e concorrentes), ata chegar á formulación de simplificación administrativa coa "Administración única" de D. Manuel Fraga (1992).

Para o relator o eixe da conferencia sitúase en dúas liña de discusión claras:

²⁶ Esta tese está sostida por SARTORI (1993), onde define o dominio da política polos "media" como "videopolítica".

■ a asunción de competencias exclusivas por parte das comunidades autónomas, a través dun acordo político global (como o asinado no ano 1992 polo PSOE e o PP), que peche o proceso autonómico e abra o proceso local,

■ e basea-lo cambio da Administración pública en criterios de custo-beneficio.

Estas propostas foron apoiadas no seu discurso pola xestión do Sr. López Amor á fronte da Concellería de Economía do Concello de Madrid desde 1991, onde o obxectivo prioritario era a redución do gasto público (un 15% menos en catro anos, 1995). A estas medidas engadíanse outras como a conxelación da presión fiscal, o mantemento dos niveis de investimento e a redución do endebedamento que en 1995 supuxo un 13% menos (un aforro achegado ós 39 000 millóns de pesetas).

A última conferencia, e clausura do Encontro de Verán sobre "A Administración intelixente", correu a cargo do Conselleiro de Presidencia da Xunta de Andalucía, Sr. Luis Planas Puchades, que falou sobre a "Administración intelixente" desde o punto de vista autonómico.

Nas súas liñas de desenvolvemento coincidiu en moitos aspectos coas formulacións de anteriores relatores como D. Dositoe Rodríguez e D. Carlos Losada, ambos tamén representantes das administracións autonómicas; a única diferenza estribaba nas súas formulacións de partida.

O desenvolvemento tecnolóxico, o cambio de demandas do cidadán e a necesidade de dar respostas por parte da Administración, a idea de eficacia (ademais da de eficiencia, e como concepto novo a de efectividade), etc. son as formulacións comúns, as liñas estratéxicas-eixe, de tódolos procesos de modernización / reforma²⁷ administrativa actuais.

Se José Emilio Cervera aludiu con anterioridade a J. Chirac, o Sr. Planas Puchades alude a M. Rocard e á súa "Carta de Misión" ("Ideas ou nocións para que a Administración sexa intelixente nas súas funcións"), documento que lle serviu de base á reforma administrativa francesa²⁸, nun intento de lexitimalo cambio administrativo. Para o relator as liñas de actuación do goberno da Junta de Andalucía coincidirían coas propostas do ex-primeiro ministro francés, que estarían estruturadas en torno a 5 grandes áreas:

a. Estado de dereito, intentando descubrir e eliminar os riscos de inconstitucionalidade das leis (codificación normativa e racionalidade administrativa),

b. Función lexislativa, planificando e coordinando traballos

²⁷ Seguindo a dicotomía establecida por RAFAEL BAÑÓN (1993): do mantemento do modelo funcional e o xuridicismo da reforma da Lei 30/1984, ó cambio da cultura administrativa como elemento clave da mesma e a estratexia de buscar cambios pequenos pero significativos.

²⁸ Tódolos inicios de reformas ou modernizacións administrativas a nivel nacional contan cun libro branco previo que serve de base e lexitima as accións que se han de desenvolver *a posteriori*, como exemplos os xa coñecidos:

■ *National Performance Review* de AL GORE, en EEUU,

■ *Reflexiones para la Modernización de la Administración del Estado*, MAP, en España (1990),

■ *The Citizen's Charter*, do Primeiro Ministro, en Gran Bretaña (1991),

■ *Comisión de la Estructura del Gobierno Nacional* de VONHOFF, en Holanda (1979), etc.

lexislativos propios (na actualidade segundo o relator isto só o desenvolve o País Vasco e a Comunidade de Andalucía),

c. Sociedade civil, prodúcese unha necesidade crecente de comprensión, por parte da sociedade civil, da autoridade do Estado. Para iso reclámanse: contactos personalizados, amplitude de horarios de atención ó público, etc, nun intento de que a Administración se configure como promotora e incentivadora das regras de xogo (desregularización),

d. Acción governamental, cunha coordinación horizontal do Goberno, baseada no consenso²⁹ e a participación,

e. Administración (ou Goberno e Administración, segundo o Título IV da Constitución de 1978), baseado nos principios de mérito e capacidade con criterios obxectivos.

A esta visión da Administración de corte europeo, o Sr. Planas Puchades engade as propostas anglosaxonas da *National Performance Review* de Al Gore e do "reinventing government" de Osborne & Gaebler. Polo que se refire ó libro de Osborne & Gaebler, o relator subliñou dúas ideas:

■ renderlles servizo ós cidadáns,

■ e xestiona-lo orzamento público con austeridade e eficiencia.

Ademais faise eco do seu decálogo, sinalando as propostas como válidas para a súa utilización en Andalucía, coas limitacións que posteriormente se sinalarán:

a. incorporar conceptos do sector privado á Administración pública (Goberno máis como catalizador que como operador),

b. o Goberno é propiedade da sociedade e non ó contrario,

c. inclusión da noción da competitividade na prestación de servizos públicos,

d. introduci-la dirección por obxectivos (DpO) dentro do funcionamento da Administración,

e. acción orientada a resultados (políticas públicas),

f. estratexias orientadas cara ó cliente,

g. Goberno de corte empresarial (de gañar non de gastar), que comprendería dous aspectos:

■ medición dos custos,

■ isto só sería válido nas taxas e prezos públicos, non no resto,

h. actuación do Goberno máis en funcións de previsión e planificación, co obxecto de cubri-las necesidades sociais a medio-longo prazo,

i. descentralización funcional, participación e traballo en equipo, con ampla delegación de responsabilidades,

l. política orientada cara ó mercado (desregularización).

²⁹ Elemento clave na "xestión intergubernamental" (GIG), que sería unha fase emerxente das "relacións intergubernamentais" (WRIGHT, 1984). "A GIG fai referencia ás relacións e transaccións cotiás entre os compoñentes das distintas unidades de sistemas de goberno territorialmente complexas", e entre as súas categorías (planificación, "xestión descendente" ou coordinación; adquisición e administración de subvencións intergubernamentais; regulación; reforma estrutural-legal; revisión de procedementos; desenvolvemento da capacidade de actuación; xestión de programas; xestión de políticas; negociacións; resolución de problemas; xestión cooperativa e xogos políticos) xira o elemento clave do consenso (AGRANOFF, 1993).

Por outro lado o relator sinala tamén as técnicas que son susceptibles, desde as súas formulacións, de utilización das propostas feitas por Al Gore no seu Informe, que son basicamente:

- a dirección por obxectivos (DpO),
- a retribución por resultados,
- e a auditoría de resultados.

Respecto da experiencia desenvolvida en Andalucía o Sr. Planas Puchades sinala que a modernización da Administración consideraba dous obxectivos básicos:

a. mellorarlle-la calidade de servizo ós cidadáns, para iso mellorouse a relación directa co cidadán, axilizáronse os mecanismos de xestión, desconcentrouse, normalizouse e informatizou os procesos de xestión,


b. e adecua-la organización ás necesidades propias, para o que se desenvolveu unha actividade harmónica das institucións e estableceuse unha dirección e uns recursos humanos de forma racional (dirección por obxectivos, complementos de produtividade, relacións de postos de traballo por actividade, etc.).

Para concluír o Sr. Planas Puchades expuxo unha serie de reflexións en torno á Administración andaluza e ó seu ámbito de actuación, aludindo á necesidade dun afondamento nas decisións sobre o contorno estratéxico, tanto de España como do contexto europeo e internacional, destacando entre elas:

- austeridade do gasto público,
- reformulamento político do investimento público,
- reestructuración do conxunto do sector público, en liña co que se está producindo na UE e OCDE,
- simplificación da Administración periférica do Estado,
- cambio na política orzamentaria cunha decisiva diminución do déficit público estatal, autonómico e local,
- incentivación dos sistemas de pensións privados,
- competencia dos sectores clave da economía,
- reconsideración e revisión anual sobre as políticas de subvencións e subsidios públicos,
- profesionalización da Administración e empresas públicas,
- e, por último, incentiva-lo control de eficiencia e eficacia dos servizos públicos.

Todas estas medidas deben estar suxeitas a un estrito control de legalidade constitucional.

Deste xeito clausurouse o encontro que serviu, entre outras cousas, para actualiza-las tendencias que sobre a Administración pública se están realizando no noso país na primeira me-

tade da década dos 90 e que están marcando a pauta de cambio na reforma do modelo de Estado, coa consolidación do desenvolvemento autonómico a través de fórmulas de "federalismo fiscal", e dunha cada vez máis clara "segunda xeración de reformas" no ámbito dos entes locais³⁰, cuestións que estan tendo unha periódica revisión nos foros de expertos co que tivo lugar un ano despois en Cambados (Pontevedra, 1996), con motivo da Escola de Verán da Escola Galega de Administración pública sobre a *Reforma Administrativa*, e que nos permiten seguir con claridade as diferentes propostas político-administrativas que tanta relevancia teñen na busca da Administración intelixente. 

³⁰ CARRILLO BARROSO, ERNESTO, "Gestión de Recursos Humanos, Presupuestación y Hacienda Local en España, Instituto de Estudios Fiscales", *Monografía* n.º. 97, Madrid, 1991, páxs. 167-178; e *Ibid.* "El Gobierno y la Administración Local en el Estado de las Autonomías", *Papeles de Trabajo de Gobierno y Administración Pública*, IUOG 0695, Madrid, páxs. 19-31.



BIBLIOGRAFÍA

E RECENSIONES

La ética en la Administración Pública

Jesús González Pérez

Ed. Civitas, Madrid, 1996.

Jesús González Pérez acaba de publicar un libro breve pero expresivo, e sobre un tema amplo e incitante. Trata da ética na Administración pública.

A EGAP, e de forma significativa o seu ex-director, o profesor Rodríguez-Arana, hoxe exercendo relevantes tarefas representativas e administrativas públicas, veu dedicándolle unha decidida atención á reflexión e empeño moralizador da conducta administrativa. Jesús González Pérez foi invitado pola Escola, a finais de 1995, a participar nun ciclo de conferencias sobre esta candente cuestión. E de aí naceu este libro que agora se describe.

A súa temática está de rigorosa actualidade. A demandada transparencia da Administración está obviamente unida á implantación dunha ética nos comportamentos administrativos que non só evite –e é primordial– a corrupción, senón que ademais suscite a necesaria confianza entre Administración e administrados.

García de Enterría acudiu recentemente a unha feliz expresión de Von Beyme sobre a que ordena conceptualmente a súa reflexión: “a colonización da sociedade polo Estado de partidos e a colonización inversa, da sociedade sobre o Estado, que sería o fenómeno da corrupción”. O clientelismo, a crise do mérito e capacidade no recrutamento e exercicio da actividade dos funcionarios públicos, a súa frecuente utilización partidaria, etc., serían manifestacións da primeira colonización. A corrupción política, moi ligada ó sistema de partidos e ó seu financiamento, sería de segunda.

A gravidade e xeneralización da corrupción dos axentes públicos, advertible, aínda que en menor grao tamén na esfera burocrática, ten xerado xa unha copiosa bibliografía, que dá testemuño da preocupación que o fenómeno suscita¹.

A ética pública ten, por suposto, que ver co dereito cando da esixencia de honestidade se trata. Pero o dereito, como escribe Meilán, “é insuficiente para cubrir toda a actuación do funcionario e para remedia-los prexuízos do que non é conforme ós canons do bo goberno”, porque “a ética supón a existencia duns valores que van máis aló do dereito”², estendéndose tamén á calidade no traballo desenvolvido, á atención do cidadán... “ a ética –di Rodríguez-Arana– é algo máis cá censura de conductas corruptas: esixe un traballo ben feito e, sobre todo, unha continua e constante referencia ó público, ós cidadáns, na tarefa administrativa”³.

En definitiva, e isto convén subliñalo, a calidade na prestación dos servizos que tanto se demanda⁴ debe operar hoxe en día como auténtica esixencia da ética pública. Esta débese proxectar no servizo público “como unha metodoloxía que, coa participación, busca a eficacia interna”⁵. Conecta así con outro dos presupostos, a eficacia que tanto está a condiciona-la renovación da Administración pública e o seu dereito.

Nesta orde de candente interese enmárcase o libro de González Pérez que agora se describe. Trátase de a penas 125 páxinas que conclúen con esta, quizais voluntarista pero motivadora, afirmación: “En efecto, una conducta ética de los políticos y funcionarios, una Administración Pública en que imperen los principios éticos, contribuirá decisivamente a la moralización de la vida social. Y en la medida que se haya realizado una regeneración en la sociedad se habrá logrado la de la Administración. Pues de la sociedad proceden los hombres –y mujeres– que asumen la gestión de los intereses públicos”.

Eu non creo que se trate dun fin efectista, propio do colofón dunha conferencia. Máis ben penso que o profesor González Pérez está profundamente convencido da interrelación fructífera moral-ética pública.

¹ En varios libros o profesor Rodríguez-Arana, á parte das súas reflexións persoais, atópase unha moi actualizada bibliografía, con referencia constante a obras de Aranguren, Todres, Caiden, Kergnaghan e Dwivedi, Terapak, Cooper, Winn, Brumbrack, Denhart, Pavlak, Hummel, Dobel, Pulgar Fraile, Röhr, Mainzer, Stewart, Duffau) que resulta especialmente orientadora; Rodríguez-Arana, J., *Ética na Administración pública*, Xunta de Galicia, Santiago, 1995; tamén *Principios de ética pública, ¿corrupción o servizo?*, Montecorvo. Dende unha perspectiva sociolóxica, González Radio, V., *Ética, Administración e Información*, EGAP, Santiago, 1995.

² Meilán Gil, J.L., *Ética pública e formación de funcionarios*, REGAP nº. 7, 1994, páx. 50.

³ Rodríguez-Arana, *cit. Ética...*, páx. 39.

⁴ Recentemente, Chan, H.S., *Scientizing Public Administration or Public Administration in Search for Quality Government*, *Internacional Journal of Public Administration* nº. 1, 1996, páxs. 261 e ss. Lo bianco, G.C., *Organizzazione, efficienza e responsabilità delle pubbliche amministrazioni per la qualità dei servizi al cittadino ed alle imprese*, *Révista del personale dell'ente locale* nº. 5, 1996, páxs. 796 e ss.

⁵ Cfr. Díaz Sánchez, M., *Ética pública e Estado do benestar*, EGAP, Santiago, 1994, páx. 189.

Non descoñece obviamente afirmacións coma as do lamentablemente desaparecido Aranguren, cando constataba que “é difícil moraliza-lo Estado a partir da moralidade persoal” e que quizais sexa este un “procedemento unilateral e mesmo inxenuo”. Pero, conectando con el, González Pérez parece asumir que “sen un pouco de inxenuidade non hai democracia concibible” e que, en definitiva, ética non hai máis que unha. Non é posible distinguir, pois, unha ética pública e outra privada, agás que para efectos analíticos e funcionais entendámo-la ética pública como proxección no ámbito público dos principios éticos comúns, tal como fai Rodríguez-Arana.


Este é o *quid* da obra que comento, o seu fío conductor: describi-la crise de valores morais que a sociedade padece e traduce nos comportamentos administrativos, e contribuír a divulgar-la verdade e tratar de rexenera-la situación. O opúsculo é así unha alegación contra as dúas éticas, contra a sostida convivencia ou convivencia inauténtica entre ética (sen máis) e táctica política. Por iso as críticas á permisividade social, ó disimulo, ó político e ó empresario desvergonzado e venal se agrandan por este obxectivo final. E aparecen escritas con firmeza, pero tamén con serenidade e equilibrio.

Advírtese un último sentido socrático: hai que reforma-las consciencias, porque iso ten a longo prazo o poder de crear ou destruír institucións sociais. E o que está en xogo é unha Administración eficaz, orientada polo servicio ós intereses xerais, que á parte doutras cousas, constitúe un urxente mandato constitucional.

Non hai, pois, que insistir no hábito rexeneracionista que inspira este libro e que conecta coa nosa mellor tradición, dende un Feijoo ou un Sarmiento e as súas críticas ós arbitristas, ata o Ortega que escribiu que o trazo máis distintivo do arbitrista consiste xustamente en “esquece-la existencia do vicio mesmo que o arbitrio pretende corrixir”.

Pero o libro non é só unha alegación xenérica e animadora na loita contra a corrupción política. Hai nel tamén unha documentada análise tanto sobre as medidas encamiñadas a garanti-lo comportamento ético dos servidores públicos (ó acceder, ó exercer e ó cesar na función pública), como sobre o carácter garante das formas e o procedemento e tamén sobre as medidas represivas (administrativas, penais e de responsabilidade patrimonial).

A máis recente doutrina e reflexión sobre a ética pública (con referencia intensa ó “I Congreso internacional de Washington”, 1994) e a súa crítica persoal, a análise dos xa habituais códigos de conducta e dos programas de formación de funcionarios de escolas e centros de todo o mundo, unido todo iso a detallados índices normativos e de sentencias do Tribunal Constitucional e do Tribu-

nal Supremo, completan o contido dunha obra breve, pero sintética e suxerente na pretensión de dotar as nosas administracións e funcionarios do vigor e o rigor moral que ó parecer a situación demanda. 

Pablo González Mariñas

Profesor titular de dereito administrativo

O proceso contencioso administrativo

José Meilán Gil et al.

Xunta de Galicia, 1994.

Dentro da colección "Xornadas e Seminarios", a EGAP editou a presente publicación, en colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e co Consello Xeral do Poder Xudicial, que é o froito dos relatorios que se desenvolveron durante as "I Xornadas sobre o proceso contencioso administrativo" realizadas na Coruña os días 2 e 3 de decembro de 1993.

Os autores dos relatorios son maxistrados, catedráticos e avogados, que desde diferentes perspectivas analizan a situación actual e o que é máis importante, poñen de manifesto as deficiencias existentes e sobre todo, expoñen os medios para paliarlas, todo isto á espera dunha próxima reforma procesual.

Proporcionase unha visión completa da problemática que presenta unha materia tan controvertida no ordenamento xurídico dos nosos días, xa que, a protección dos dereitos en vía contenciosa repercute, non só no campo xurídico, senón que sobresaee a este, para chegar a toda a sociedade, dado que un correcto funcionamento

dos tribunais desta orde é a base de toda convivencia social e dos dereitos e liberdades que se establecen nun Estado de dereito.

O primeiro relatorio, titulado: "O obxecto do contencioso-administrativo", o autor do cal foi D. José Luis Meilán Gil. Rector da Universidade da Coruña.

Comeza o profesor Meilán coa análise do Título III, da LXCA que se compón de catro capítulos, dos cales os dous primeiros se identifican respectivamente por: Actos impugnables e pretensións das partes, que seguidamente os describe e estudia.

Os actos impugnables descríbense xenericamente no artigo 37, a redacción do cal foi modificada pola Lei 30 /92 de RXAP, aínda que sería máis apropiado dicir que máis ben foi adecuación á nova regulación xurídica dos recursos administrativos.

Dinos o relator que, aínda que a pretensión no contencioso-administrativo non diverxa esencialmente das pretensións nos procesos civís, a existencia dun acto administrativo introduce algunha diferenza, disto ofrece unha proba a regulación das pretensións nos dous artigos, o 41 e o 42.

Por outra parte,ponse de manifesto que, non tódolos actos da Administración pública sometidos ó dereito administrativo son revisables. O acto administrativo ordinariamente revisable é o que se corresponde coa resolución ou acto que lle pon fin a un procedemento e que ademais contén unha declaración xurídica, unha declaración de dereitos e obrigas que incide en situacións xurídicas concretas, recoñecéndoa, creándoa, modificándoa ou extinguíndoa.

Importante é a análise que se realiza do artigo 24 da CE, ó se-lo verdadeiro revulsivo do contencioso-administrativo. O primordial do artigo 24 da CE é o dereito a obter a tutela xudicial efectiva "no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos".

Refírese o autor ó artigo 1.2 da LXCA e que cre que debe ser entendido de maneira diferente, xa que, a finalidade pragmática que o inspirou, saltou polos aires ó admitirse a competencia da xurisdicción contencioso-administrativa para actos procedentes de órganos constitucionais que, por propia definición non son Administración pública (Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, etc).

En definitiva, o obxecto do contencioso-administrativo é precisamente resolve-lo conflito, que non se reduce a unha cuestión de legalidade, nin sequera cando a pretensión se dirixe só á anulación dun acto.

D. Rafael de Mendizabal Allende, maxistrado do Tribunal constitucional, presenta o seu relatorio que leva como título, "Pasado, presente e futuro da xurisdicción contencioso-administrativa".

Desenvólvense o nacemento, evolución e consolidación do con-

tencioso-administrativo. A reforma de 1868 móstrase como unha clarividente anticipación do futuro, que non arraigou entón precisamente por adiantarse ó seu tempo, pero que deixou ben asentados os seus piares.

O efecto extensivo do contencioso-administrativo produciuse en virtude de dous factores converxentes. Un, a aparición de novas administracións públicas, como son as comunidades autónomas, que configuran o Título VIII da CE. Dous, a utilización da vía contencioso-administrativa para o axuizamento da xestión das institucións constitucionais non integradas no Poder executivo; estas institucións son a Coroa, os poderes legislativo (Cortes Xerais, Congreso, Senado) e xudicial (Consello Xeral e Tribunais), o Tribunal Constitucional, o Defensor do Pobo, o Tribunal de Contas e o Consello para a Planificación Económica, este último aínda non creado. De todos eles, a Coroa, queda excluída de calquera axuizamento.

Outro aspecto interesante é a delimitación do contencioso-contable respecto do contencioso-administrativo. Non lle corresponderá tampouco á xurisdicción contable, di o art. 16.b do texto legal, o axuizamento das cuestións sometidas ó contencioso-administrativo.

D. Juan Trillo Alonso, maxistrado da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, analiza no seguinte capítulo, "A tutela xudicial: Especial referencia ás medidas cautelares".

O dereito á tutela xudicial efectiva é recoñecido co carácter de dereito fundamental no artigo 24 da CE.

Comeza a exposición coa afirmación de que unha xustiza lenta equivale a unha falta de tutela xudicial efectiva e pon de manifesto a lentitude da xurisdicción contencioso-administrativa, que tratando de buscarlle solucións a unha situación que para o relator é alarmante.

Pero mentres as ditas solucións non chegan, non parece aventurado afirmar que se pode encontrar remedio na denominada tutela cautelar que, ten como fin evita-lo que a xustiza perda a súa eficacia polo simple transcurso do tempo que os órganos xurisdiccionais necesitan para resolve-los conflitos que se lles presentan.

Suscítase unha necesaria reforma do proceso contencioso-administrativo que permita culmina-la reforma da organización xudicial administrativa, coa creación dos xulgados do contencioso-administrativo. A tutela judicial efectiva debe encontrar solucións, que poderían ser entre outras un aumento do número de xuíces e maxistrados e do persoal auxiliar, un maior rigor na súa selección, na restructuración da oficina xudicial, na implantación de servizos comúns para notificacións e recepción de escritos e documentos, etc.

O seguinte relatorio “O recursos no proceso contencioso-administrativo”, correspóndelle ó maxistrado da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Juan Quintás.

Centra o seu relatorio a análise da Lei 10/92, a cal introduce cambios significativos sobre todo no capítulo relativo ós recursos. Trala súa reforma, o dito capítulo componse de cinco seccións:

- Sección 1ª, coa mesma rúbrica de “recursos contra providencias e autos”, o contido do cal queda reducido a un único precepto, o art. 92 que regula exclusivamente o recurso de súplica.
- Sección 2ª, coa rúbrica “do recurso de casación”, comprensivo dos artigos 93 a 102.
- Sección 3ª, baixo a rúbrica “do recurso de casación para a unificación de doutrina”, que no artigo 102. a que se crea vén substituí-lo anterior recurso de revisión por contradicción entre sentencias.
- Sección 4ª, do recurso de casación en interese da lei, artigo 102.b, substitutivo do anterior extraordinario de apelación coa mesma finalidade”.
- Sección 5ª, “do recurso de revisión”, artigo 102.c, ó que se lle devolve o seu xenuíno sentido técnico.

O avogado D. Santiago Nogueira Romero presenta o relatorio titulado, “O recurso na xurisdicción contencioso-administrativa”. A Lei 10/92, do 30 de abril, de medidas urxentes de reforma procesual, regula por primeira vez en España o recurso de casación na xurisdicción contencioso-administrativa, que en xeral e pola súa propia natureza, sempre foi un tema polémico, complicado e difícil.

Examina o relator o recurso desde a óptica procesual, consciente de que existen proxeccións distintas de dereito material, o tratamento do cal, sen dúbida, será abordado no futuro pola doutrina especializada.

Realízase unha análise da casación civil, tanto pola novidade deste recurso na xurisdicción contencioso-administrativa, como polo contido da disposición adicional sexta da lei xurisdiccional.

Á vista do texto legal, o recurso de casación na xurisdicción contencioso-administrativa admite tres clases:

- Recurso de casación ordinario.
- Recurso de casación para a unificación de doutrina.
- Recurso de casación en interese da lei.

Fóra desta clasificación queda o recurso de casación contra as resolucións do Tribunal de Contas en materia de responsabilidade contable, pois aínda que son susceptibles de seren recorridas en casación, a teor do artigo 93.5 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, réxese polo disposto na Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do dito tribunal.

“A nova regulación do proceso contencioso-administrativo e a súa posible articulación na actual oficina xudicial”, é o relatorio que expón D. Francisco Javier Fernández Requena, secretario da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Abórdase en primeiro lugar, a situación actual da oficina xudicial, as posibilidades funcionais que presenta, de seguido analízase a influencia da Lei orgánica do Poder Xudicial, a Lei planta e demarcación e demais leis sobre a mesma e finalmente, presenta unha posible reforma do procedemento contencioso-administrativo, enmarcada dentro da máis ampla reforma procesual que tódolos estamentos relacionados co servicio público están solicitando e unha posible articulación coa oficina xudicial verdadeiramente centrada co citado servicio público da xustiza e, polo tanto, non só ó cidadán que directamente, acode á xustiza senón tamén, a todo o que pode estar incluído dentro do que se pode denominar “interesado” nun procedemento xudicial.

O seguinte relatorio foi titulado por D. Ramón Castor Santiago Valencia, presidente da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, “Competencia Territorial”.

Cre o relator que os casos que non están especificamente regulados na lei, deben resolverse en canto á competencia territorial atendendo a algún elemento do acto que garde cun determinado territorio unha relación máis forte có simple domicilio do recorrente. Un exemplo, son aqueles casos nos que exista unha referencia a algún lugar xeográfico, a competencia territorial debe atribuírselle exclusivamente ó tribunal que se encontre na súa circunscrición.

“A competencia obxectiva”, de D. José Luis Gil Ibañez, maxistrado da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia nacional ocupa o seguinte capítulo.

Conforme ó art. 106 da CE, a xurisdicción contencioso-administrativa ten encomendado o control da potestade regulamentaria e da legalidade da actuación administrativa, así como do sometemento desta ós fins que a xustifican.

O exercicio desta potestade de control atribúeselles polo artigo 117.3 da CE exclusivamente ós xuíces e tribunais determinados polas leis “segundo as normas de competencia e procedemento que as mesmas establezan”, o que tamén se recolle no artigo 2.1. da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial (LOPX), consagrándose así ó máximo nivel normativo o sistema de plena xudicialización do control administrativo.

Expóñense en primeiro lugar as regras que, en principio, van determina-la competencia obxectiva dos órganos xurisdiccionais do contencioso-administrativo tal e como actualmente están en vigor ou, no caso dos xulgados do contencioso-administrativo, pre-

vistas. Para pasar a analizar algún dos problemas que suscitaron ou se suscitan en relación con todo isto.

“A execución anticipada das sentencias contencioso-administrativas condenatorias da Administración”, é o título do relatorio de D. Joaquín Huelín y Martínez de Velasco que é maxistrado da Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

O obxecto que pretende con estas liñas é o de salientar e analizar un aspecto da execución das sentencias recorridas por vía administrativa.

Suprimido, polo de agora, o recurso de apelación no ámbito do proceso contencioso-administrativo e instaurado o de casación, a cuestión que se aborda, adquiriu carta de natureza lexislativa ó dispoñerse literalmente que “a preparación do recurso de casación non impedirá a execución da resolución recorrida.”

Ante unha petición de execución anticipada, os tribunais do Contencioso-Administrativo deben efectuar unha ponderación dos intereses en xogo, podendo discorre-la súa decisión desde a negativa a executar ata o acordo e excución pura e simple pasando polo de execución condicionada á prestación de caución.

D. Juan José González Rivas, maxistrado do Contencioso Administrativo gabinete técnico do Tribunal Supremo, desenvolve no seu relatorio, “O proceso de protección dos dereitos fundamentais no ámbito contencioso-administrativo”.

Efectua-lo exame da Lei 62/78, os seus trazos esenciais e de modo extractado do recurso de amparo constitucional, leva á delimitación obxectiva do recurso cinxida ó exame sucinto dos artigos 42, 43, 44 da Lei orgánica 2/79, do 3 de outubro, reguladora do Tribunal Constitucional e examinando o contencioso dos ditos artigos, cómpre significar que o amparo ante o Tribunal Constitucional se materializa, desde o punto de vista substantivo, na órbita dos indicados artigos 14 a 29 e 30 no relativo á obxección de conciencia.

A valoración que se fai da vixencia dos quince anos da Lei 62/78, é a de emitir un xuízo eminentemente favorable sobre a aplicación desta norma legal.

En resumo, as notas esenciais da Lei 62/78, son as da simplificación dos trámites procesuais, ó non facer imperativo o esgotamento da vía administrativa, e a redución temporal do seu desenvolvemento.

“Causas de inadmisibilidade no proceso contencioso-administrativo”, é o relatorio que expón D. Rafael Fernández Montalvo, vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Tanto o Tribunal Constitucional como o Tribunal Supremo, coincidiron ó sinalar que os motivos de inadmisibilidade, deben axuízarse cun criterio flexible ós requisitos ou presupostos procesuais

de admisión, considerarse segundo a súa finalidade ou xustificación prevista na lei, sen convertelos en obstáculos inescusables ou insuperables.

D. Jaime Rodríguez-Arana, catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña e D. Manuel Sarmiento Acosta, profesor titular de dereito administrativo das Palmas de Gran Canaria, son os autores do seguinte capítulo, "O contencioso-administrativo como elemento garantidor dos dereitos fundamentais".

Abórdanse algúns dos problemas que presenta o contencioso-administrativo vixente, e que son en grande medida, resultado da concepción tradicional e típica deste procedemento como simple proceso obxectivo e abstracto ó acto administrativo no que só se revisa asepticamente a actividade da Administración.

Sen embargo, a tutela dos dereitos dos cidadáns, está sempre en función dese dogma. E isto non se pode nin se debe descoñecer, pois constitúe un dos postulados capitais do modelo de Estado e de sociedade no que nos tocou vivir.

Este novo horizonte debe se-lo punto de referencia central da reforma do contencioso-administrativo español. A doutrina xa avogou sen titubeos por este novo sentido do contencioso-administrativo, é dicir, por un proceso que reborde o esquema clásico de "proceso ó acto", e se centre sobre todo na tutela plena dos dereitos e intereses dos particulares.

"Sobre a eficacia do proceso contencioso-administrativo ordinario a través de medidas provisionais", é o relatorio de D. José M^a Gómez e Díaz-Castroverde, maxistrado do Contencioso-Administrativo.

Afirma o autor que, se a xustiza é tardía, rara vez se asenta nesta denominación con todo o seu alcance. De aí que, desde esta perspectiva, adquiren relevo factores alleos ó propio desenvolvemento do proceso, como son o número de órganos xurisdiccionais, a súa dotación, os procedementos establecidos de acceso a aqueles e a sinxeleza ou complexidade do seu ambiente.

Cobra importancia así unha figura existente noutros procesos, como medida autónoma ou complementaria a diversos pronunciamientos dos órganos xurisdiccionais: as medidas cautelares que, no actual deseño do noso proceso contencioso-administrativo aparecen residenciais exclusivamente en dúas institucións: a suspensión da executividade da resolución recorrida e na execución provisional da sentenza de instancia.

Pero as modalidades suspensivas que se aluden no relatorio, non esgotan tódalas que son susceptibles de uso polos tribunais, aínda que en todas elas sexa denominador común a ausencia de regulación normativa expresa. Algunhas delas, analizaas o autor.

O profesor da EU de Relacións Laborais D. Juan Jesús Raposo

Arceo é o responsable do relatorio que titula, "O recurso contencioso-administrativo".


Mostra de forma sinxela e resumida o concepto, significado e aspectos máis destacados do que se considera que constitúe o instrumento básico e primordial, desde un punto de vista procedemental, da xurisdicción contenciosa, o recurso contencioso-administrativo.

Estúdiense algúns dos múltiples problemas que hoxe en día se presentan no ámbito da xurisdicción contencioso-administrativa, a regulación da cal necesita unha urxente reforma para adaptarse ás necesidades do mundo xurídico actual.

O último relatorio, "A defensa xudicial dos municipios pola Deputación de Girona", corre a cargo de D. Jorge Iglesias Xifra, letrado-xefe do Gabinete xurídico-contencioso de asistencia ós municipios da Deputación de Girona.

A entrada en vigor da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, representou unha modificación substancial respecto dos preceptos anteriormente vixentes relativos á representación e defensa dos entes públicos, afectando de maneira especial ás corporacións locais.

Como consecuencia de todo isto, a Deputación de Girona centrou os seus esforzos na habilitación dun gabinete xurídico que puidese facerse cargo da defensa xudicial dos concellos que así o solicitasen, mediante a confección dun regulamento que acolle en grande medida as propostas formuladas pola Federación de Municipios un ano antes.

O que interesa realmente resaltar é o transcendente papel que poden te-las deputacións no marco da asistencia xurídica dos municipios e o extraordinariamente interesante que resulte para estes o establecemento e prestación dos ditos servicios asistenciais. 

Alfonso Jurado Moreda

Bolseiro da EGAP

II Simposio da historia da Administración

Alfredo Gallego Anabitarte, director.
Xosé Ramón Barreiro Fernández,
Pablo González Mariñas, coordinadores

Xunta de Galicia, 1994.

Este libro, incluído dentro da colección “Xornadas e Seminarios” que edita a EGAP, é o resultado dos relatorios do “II Simposio da historia da Administración” que se realizou en Santiago de Compostela o 5 e 6 de maio de 1994. A dirección correspondeulle ó catedrático de dereito administrativo da Universidade Autónoma de Madrid, Alfredo Gallego Anabitarte coa coordinación do catedrático de historia contemporánea da Universidade de Santiago, Xosé Ramón Barreiro Fernández e o profesor titular de dereito administrativo da Universidade de Santiago, Pablo González Mariñas.

Entre os autores que participaron neste “II Simposio de historia da Administración”, atopámonos con destacados xuristas, historia-dores e representantes da Administración, sen esquecer-la representación do norte de Portugal.

O carácter multidisciplinar, no que a contidos se refire, dentro deste “II Simposio da historia da Administración”, permítenos ac-

ceder, entre outros temas, a tres aproximacións distintas do destacado xurista galego Manuel Colmeiro, ver desde unha óptica eminentemente galega os momentos históricos da Administración local de Galicia nos séculos XVI ó XVIII e na época contemporánea, unha análise do réxime local galego, a parroquia, no seu tránsito ó constitucionalismo, os interesantes apuntamentos sobre as relacións entre o mundo rural e o urbano na Administración local galega, as ordenanzas municipais e a lexislación urbanística estatal no século XIX, estudos sobre períodos moi concretos da historia: a tutela como criterio de articulación estatal no réxime local español durante o período 1850 ó 1923; o estudio sobre a decisiva pero pouco estudiada etapa do réxime local durante a rexencia de María Cristina (1833-1840); a crise da independencia municipal (1837-1845); os servicios públicos locais na Lei municipal de 1877. Como achega internacional preséntase un estudio desde unha perspectiva histórica e actual da Administración parroquial en Portugal.

O grupo de conferencias iníciase Alfredo Gallego Anabitarte con “Colmeiro e a consolidación do Estado administrativo”. Comeza coa presentación do currículo de Manuel Colmeiro para posteriormente reflectir a tese que vai manter a obra de Colmeiro, que é o reflexo da tensión Estado e sociedade na España do século XIX, coa consolidación do Estado administrativo (1843-1868) que sucede o Estado constitucional (1836-1843), os cales analizan en profundidade.

Pegerto Saavedra analiza “O réxime señorial e Administración local na Galicia dos séculos XVI e XVII”. A relación entre o réxime señorial e a Administración local é moi estreita e pódese afirmar que non se pode entender a Administración local en Galicia sen ter en conta os poderes señoriais, polo que para poder entendelo se analiza a extensión de réxime señorial, a administración dos señoríaos e o goberno das xurisdiccións xunto cos criterios de elección, a procedencia social e a posición fronte ós diversos poderes das persoas que ocupaban oficios no goberno local.

O tema “Ordenanzas municipais e lexislación urbanística estatal no século XIX” analízao Ángel Méndez Rexach. Comeza analizando a competencia municipal sobre “policía urbana”, desde o período gaditano, coa Constitución de 1812 en que entre outros cometidos, a policía urbana tiña que “coidar a construción e reparación dos camiños, calzadas, pontes e cárceres, dos montes e plantíos do común e de tódalas obras públicas de necesidade, utilidade e ornamento”, pasando polo reinado de Isabel II e a restauración. A policía urbana foi utilizada constantemente como apoio da competencia administrativa, e como consecuencia da radical separación entre o administrativo e o xudicial que se establece en 1812, e se reproduce en 1837, orixinou constantes conflitos entre as autoridades administrativas e xudiciais, polo que resulta claro

que non cabía control xudicial sobre as decisións de policía urbana, o control pola xurisdicción contencioso-administrativa limitábase ós prexuízos causados a particulares polas decisións administrativas pero non se estendía ó fondo da decisión e a decisión sobre o fondo só era susceptible de control en vía gubernativa polo Gobernador da provincia ou polo Ministro da Gobernación. Unha vez analizadas as competencias que tiñan, pasa a analiza-las competencias do Ministerio da Gobernación sobre as construcións civís, as atribucións da competencia sobre construcións civís ó Ministerio de Fomento, o conflito de atribucións entre os dous ministerios e a súa decisión a prol da gobernación, para rematar coas competencias estatais e municipais en materia de ensanche.

O cuarto relatorio céntrase en "A Administración municipal na Galicia contemporánea" que a expón Xosé Ramón Barreiro Fernández. Introduce o tema coa análise breve da construción do Estado no século XIX, desde o primeiro liberalismo (1808-1833), pasando polo segundo liberalismo (1833-1868), as rectificacións do sexenio (1868-1875) para concluír coa restauración e o novo proxecto liberal. Posteriormente pasa a estudia-los modelos da Administración municipal carlista, o modelo federalista e o modelo liberal. Conclúe o relatorio coa construción dos concellos en Galicia, comezando a modo de introducción, coa atomización señorial e o hábitat disperso do século XVIII, para entrar de cheo cos primeiros intentos de instalación da rede municipal desde 1834-1840.

O quinto relatorio, "A centralización e descentralización no pensamento de Manuel Colmeiro" expón Pablo González Mariñas que comeza coa delimitación do concepto centralización, como instrumento na construción da unidade nacional. Na España dos Austrias existe certa conciencia de monarquía federal, pero cos Borbóns téndese ó centralismo. A centralización favorece o autoritarismo mentres que a descentralización o que favorece é a liberdade. Aínda que como dixo Ariño en 1972, a centralización foi inspirada, en España, polos liberais progresistas. O concepto de centralización en concreto é confuso, xa que cando se fala no século XIX de centralización non se entende pola unidade administrativa, senón unha necesaria unidade política aínda non conseguida. Colmeiro fai unha clara distinción entre "unidade"- "centralización" despois de varias revisións na súa obra afirma que unidade é "a homoxeneidade dos efectos, ideas e intereses colectivos que se reflicten no estado" e centralización é "a concentración do poder executivo de tódalas forzas necesarias para promove-lo ben común dentro da súa esfera". Tamén fai unha distinción entre centralización política, como a unidade no territorio, a lexislación e o goberno, e centralización administrativa, que substitúe o sistema da división dos poderes públicos coa concentración absoluta da soberanía.

No seguinte relatorio, Xosé Fariña Jamardo toca o tema de “A parroquia e a súa articulación administrativa no concello constitucional”. Define o concepto de parroquia galega como unha institución eclesiástica, utilizada tamén a nivel administrativo e civil que constitúe unha agrupación social característica. Fai un revisión da incorporación das parroquias ó concello na Constitución de 1812 para pasar a facer unha revisión por unha serie de leis que rexeron a vida municipal durante o século pasado e as propostas que non chegaron a ser leis. Conclúe cunha breve reflexión sobre a articulación administrativa nos nosos días.

Francisco Javier Jiménez de Cisneros Cid expón o tema da “Tutela sobre as corporacións locais: 1850-1923” no que analiza a subordinación dos concellos ó Estado durante este período, ampliando o estudio desta subordinación sobre os chamados concellos moderados, de 1854-1856. Para poder entender este período fai un repaso das atribucións e funcionamento dos concellos constitucionais, e a reacción contra este modelo, para acabar centrándose nas características do concello moderado e mailo seu control sobre os actos de inspección e tutela dos xefes políticos sobre os concellos. Logo pasa a analiza-la desaparición da subordinación ó poder central no concello democrático revolucionario, para finalizar coa tutela dos órganos centrais sobre o municipio da restauración, e a descentralización local de 1909.

Durante este segundo simposio faise referencia á Administración portuguesa cun relatorio de Antonio Cândido Macedo de Oliveira, que dá unha “perspectiva histórica da administração paroquial em Portugal” na que analiza a revolución liberal e a súa repercusión na Administración local. Párase para explica-lo concepto e estrutura da parroquia no século XIX, facendo referencia á lexislación de Mausinho de Silveira. Posteriormente fai unha revisión histórica polos códigos administrativos e as fluctacións políticas desde 1836 ata 1940.

O seguinte relatorio trata sobre “Os servicios públicos locais na Lei municipal de 1877” e corre a cargo de José Manuel Díaz Lema. Este tema ten unha grande importancia polo avance que supón o pasar dunha concepción marcadamente centralista dos municipios a outra que está marcada pola descentralización e a autonomía local. Analiza as leis municipais de 1870-77, tendo en conta o marco social e político xa que este condiciona a forma de analiza-los textos legais. O estudio realízao a modo histórico comparativo que lle permite ve-los bloques en que se divide a actividade local.

Alejandro Nieto García expón o relatorio sobre “Réxime local durante a rexencia de María Cristina”. Comeza advertindo que a descrición do réxime municipal non se pode, practicamente, realizar sen ter en conta o contexto histórico en que se integra. Des-

pois de realizar unha breve referencia sobre a agonía do antigo réxime vai pasar a expoñer as primeiras formulacións do réxime municipal, por un lado determina-lo papel político dos concellos e por outro a dependencia que teñen os concellos das Cortes. Durante a rexencia estaba en xogo que os concellos eran a Administración por antonomasia, polo tanto os alcaldes eran a clave da Administración, sobre todo se era politicamente homoxéneo e solidario. Despois de facer un repaso polos acontecementos da Granxa, e a volta dos moderados, detense na Lei de concellos de 1840 e as súas consecuencias.


“A biografía xurídico-administrativa de Manuel Colmeiro” é o tema que trata Laureano López Rodó, o cal comeza cunha conferencia bibliográfica da obra de Colmeiro para entrar de cheo na achega sobre dereito administrativo e a ciencia da Administración, que nalgúns aspectos, despois do paso do tempo, están obsoletos, pero noutros conserva plena actualidade, como a súa afirmación “tódolos actos administrativos deben estar suxeitos a responsabilidade”. Sobre o tema da división territorial Colmeiro afirma que “a primeira condición dun bo sistema administrativo, é unha acertada división territorial ou a distribución da acción administrativa en certo número de esferas particulares que, xuntas, se moven en harmonía” e, xa en 1850, dixera que “o municipio ten dereitos propios anteriores á organización do Estado” pero foi ignorado. Posteriormente se fai un repaso ó mapa autonómico español co cal Colmeiro non estaría satisfeito, xa que se omitiron as regras que el tanto defendeu de proporcionalidade e unha proxección de futuro para que se poidan mover en harmonía. Este relatorio conclúe cunha referencia á Administración única que propón D. Manuel Fraga.

O seguinte relatorio está a cargo de Álvaro Xosé López Mira, “Cidade e campo; urbano e rural na historia da Administración local galega” na que expón a organización territorial galega nos séculos XIX e XX, vista por varios autores, os diversos autores galeguistas idealizan o mundo rural galego, sen ter en conta a dicotomía entre o rural e o urbano. Pero por outro lado outros autores non utilizan a perspectiva galega para trataren temas importantes da política cotiá: como a axeitada ordenación do territorio de acordo coas peculiaridades galegas, a estruturación rexional que responda ó noso tempo.

O penúltimo relatorio realízao Rosa M^a G. De-Cal y Cortina, co tema “1837-1845: crise da independencia municipal; comeza a exposición cunha referencia á Constitución de 1837 que é o tema de reflexión do liberalismo español do pasado século, a pesar de que os concellos constituían a base dunha tradicional e enraizada forma independente de administración, os liberais, con amplísima maioría nas Cortes Constituíntes, non manifestaron a máis mínima sen-

sibilidade polo tema, que será a causa da renuncia da raíña rexente M^a Cristina de Borbón. Posteriormente, coa Lei de concello de 1840 está practicamente baseada no pensamento centralizador das filas moderadas. Coa chegada de Narváez ó poder apróbase:

- A nova Constitución de 1845, na que se suprime o goberno interior das poboacións.
- A Reforma fiscal de 1845 na que as facendas locais dependían directamente da Facenda nacional.
- A Lei do 8 de xaneiro de 1845, sobre organización e atribucións dos concellos. Os antigos señores nomeaban as autoridades locais.
- A desamortización tanto de Mendizábal como a de Madoz, pretendían crear unha masa de propietarios que aceptasen as institucións liberais e mantivesen o novo réxime.

Conclúese este grupo de relatorios con "A democracia directa municipal na doutrina do século XIX. A oposición de Colmeiro", de Enrique Orduña Rebollo. Comeza cunha revisión pola traxectoria académica e de pensamento de Colmeiro. Crese que foi supervalorada a importancia dos municipios no século XIX, xa que entrara en decadencia ó perde-lo carácter de democrático como consecuencia da diminución da representación popular. Colmeiro en realidade era partidario dun réxime homoxéneo e dun poder central, distinguindo os conceptos da unidade do poder supremo e a subordinación a este principio de tódalas partes do Estado, é o goberno o único depositario da autoridade. 

Paloma González Cuevas

Dolseira da EGAP

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folia á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folia á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas)

situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de
Administración Pública*

EGAP. Fontiñas, Rúa Madrid, 2-4
15703 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA